

Vive Ares

Marzo 2023



Estrada Ares - Chanteiro, 2ª Fase



Senda peonil Ares - Redes



Ares Indiano



Visita da ministra Teresa Ribera



Proxecto: Novo cemiterio en Rega da Fraga



Presentación do Alcalde

O quefacer do día a día como alcalde de Ares é unha satisfacción e unha honra sempre. E esa honra é maior cando se consegue mellorar a vida do conxunto das persoas do noso pobo.

Nos últimos anos de goberno tropezamos con moitas dificultades, capitaneadas todas elas pola chegada da Covid 19, que puxo en xaque todas as certezas que tiñamos ata ese momento. Aínda así, co esforzo comunitario, co traballo diario do goberno municipal, coa nosa vocación de servizo e como parte da veciñanza soportamos e superamos tan difícil situación.

Quero facer unha mención especial a toda a veciñanza que no momento máis complicado da crise pandémica traballou na confección altruísta de máis de 13.000 máscaras. Dedicaron as súas horas e os seus días para axudar ás xentes de Ares. Sen estas persoas o período de pandemia tería sido moito máis angustioso. Elas demostráronnos a xenerosidade e solidariedade da cidadanía aresá.

Outro escollo que tivemos nestes últimos tempos foi o encallamento do Blue Star, pero unha vez máis demostramos a nosa capacidade de resolución de problemas e contribuímos a evitar un desastre ambiental na nosa costa.

O compromiso que adquirín na miña primeira lexislatura como alcalde, alá polo 2007, segue máis vivo que nunca. Pois, fomos quen de levar a cabo importantes investimentos en todo o municipio grazas a unha eficaz xestión dos nosos recursos e a unha estupenda vertebración dos investimentos cos gobernos estatal, autonómico e coa Deputación. Estes investimentos redundan en obras de gran calado que melloran a vida diaria da veciñanza.

Estamos a piques de rematar as dúas grandes obras que desde hai décadas eran demandadas por parte da poboación. Xunto a estas obras, fixemos innumerables melloras en todo o pobo: saneamento, rede de sumidoiros, abastecemento, xardíns, viarios, sendas, ordenación do tráfico, etc. E todo isto fai da nosa comunidade un lugar mellor para vivir. E por suposto, non nos esquecemos da nosa historia e da nosa cultura que son a base da memoria como pobo proxectada nas celebracións, festas, tradicións, equipos deportivos, asociacións culturais...

Como alcalde sigo tendo soños e proxectos para Ares e cumpro día a día a palabra dada á veciñanza, fiel ás miñas conviccións e sen descoidar as necesidades do pobo. Co gran equipo humano que tiven e teño ao meu lado, xunto co bo labor de todo o funcionariado público do Concello, seguimos facendo de Ares un lugar no que vivir cada día mellor.

De novo facémovos chegar esta publicación coa información do traballo realizado nos últimos catro anos desde o goberno municipal, porque para nós é moi importante a transparencia. E desexamos que sexa tan ben acollida como o foron as anteriores.

Julio Ignacio Iglesias Redondo

Alcalde de Ares

**O Goberno municipal investiu en obras
en toda a vila durante a última lexislatura
15.683.564 €**



ABASTECIMIENTO	PAX
Conexión da rede de abastecemento en todo o casco urbano de Ares	6
Obras nos depósitos de auga de Os Castros	8
Conexión de auga potable en Barallados	8
SANEAMENTO	
Renovación do saneamento na subida a Os Castros desde o Xuncal	9
Saneamento na rúa Irmáns Bugallo	10
Saneamento e melloras na Avda. Gaspar Rodríguez de Redes	10
Obras nos servizos afectados pola ampliación da estrada Ares-Chanteiro	11
EFICIENCIA ENERXÉTICA	
Mellora da eficiencia enerxética nas estradas de Ares a Mugardos e outras	12
Mellora da eficiencia enerxética en Ares e Redes	13
Instalacións fotovoltaicas en edificios municipais	16
Mellora da eficiencia enerxética en Prados Vello	17
Visita da Ministra para a Transición Ecolóxica, Teresa Ribera a Ares	18
Proxectos: Novas caldeiras de biomasa en edificios municipais	20
PAVIMENTOS E APARCADOIROS	
Melloras no camiño de Besoxo	21
Desvío do camiño de Maciñeiras na contorna do Centro Educativo Municipal	22
Mellora no camiño de Pedrachá (Chanteiro)	23
Mellora da accesibilidade á praia de Seselle	23
Mellora do camiño de Albaiana, na zona do Alto de Simou	24
Pavimentación do camiño de subida a Barracido desde Marina do Pombal	25
Construción do aparcadoiro do Club de Tenis en Redes	26
Aparcadoiro na Reitoral	27
Aparcadoiro no Cemiterio de Cervás	28
Proxectos: Urbanización do camiño Real e do camiño do Cruceiro en Chanteiro	28
Acondicionamento do tramo sur do camiño de Pedrachá	28
VIAIS	
Estrada Ares-Chanteiro, 2ª Fase	29
Senda peonil Ares-Redes	31
Mellora da seguridade vial en Pedrós	33
HUMANIZACIÓN DE RÚAS E PRAZAS	
Humanización da rúa Fomento: renovación dos servizos, mellora enerxética e pavimentos	34
Humanización do Calexón en Redes	35
Humanización e renovación dos servizos nun tramo da rúa María	36
Humanización da rúa Cisne	37
Humanización dos Reais Alfolies	38
Proxectos: Humanización do resto de rúas do Porto	39
Mellora de servizos e pavimentos na rúa San Xosé	39
Tramo final da rúa dos Anxos	40
Mellora de servizos e pavimentos noutro tramo da rúa Fomento	40
Humanización da praza do Pozo de Ares	41
Camiños escolares seguros	42
ESPAZOS NATURAIS, ZONAS VERDES E ESPAZOS PÚBLICOS	
Mellora do espazo marítimo de Seselle	43
Melloras no acceso á praia do Raso	43
Mellora da contorna e posta en valor da praia de Ares e do Xuncal	44
Posta en valor da Xunqueira	46
Proxectos: Mellora dos accesos á praia de Seselle desde os Castros	48
Creación de espazo saudable no CPI As Mirandas	49
Recuperación do parque infantil do Porto	49

REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS MUNICIPAIS	PAX
Rehabilitación da cuberta e fachada da Casa Reitoral	50
Recuperación da cuberta da cociña no Mosteiro de Santa Catalina	52
Posta en valor da Alianza Aresana	54
Rehabilitación das antigas Escolas do Lago	54
Melloras exteriores no local de ensaio Gildo Illobre	55
Reforma do local de Seselle	56
Mercado Municipal de Ares, reformas, campañas e dinamización	57
Proxectos: Novo Club de Remo	57
Rehabilitación do segundo edificio nas Escolas do Lago	58
Cambio de tellado no local de ensaio Gildo Illobre	58
GRANDES RETOS	
Novos depósitos e mellora do abastecemento para Ares	59
Renovación integral de toda a envolvente exterior do pavillón municipal	60
Ampliación do CPI As Mirandas	61
Novo cemiterio en Rega da Fraga	62
PLANS E URBANISMO	
Aprobación definitiva do PXOM de Ares	63
Proxectos: Plan especial de protección de Montefaro e Coitelada	64
Plan da Deputación: Recuperación das Baterías de Montefaro e A Bailadora	65
OBRAS E SERVIZOS	
Camiños no parque Rosalía de Castro	66
Rehabilitación do lavadoiro de Bulleiro en Lubre	67
Rehabilitación do lavadoiro de Baixolo en Seselle	68
Mantemento de camiños	69
Melloras de prazas e peches perimetrais	70
Pintura e sinalización	71
Aparcadoiro na estrada de Franza	72
Aparcadoiro na Avda. de Mugardos	72
Aparcadoiro no Raso	73
Aparcadoiro no CIRS de Cervás	73
AparcAres	74
Mantemento de balizamentos e limpeza de praias	74
Ares cardioprotexido	76
Renovación do sistema de lectura de contadores de auga	76
Actuacións en emerxencias	77
Melloras dos xardíns municipais	79
Desbroces en todo o Concello	80
Dispositivos durante a pandemia	80
Proxectos: Rehabilitación do lavadoiro de Fonte da Tella en Maiobre	81
Rehabilitación do lavadoiro de Torre en Cervás	81
IGUALDADE	82-83
BENESTAR	84-90
TURISMO	91-94
COMERCIO	95-97
MEDIO AMBIENTE	97-99
CULTURA	100-112
EMPREGO	113
DEPORTES	114-120
EDUCACIÓN	120-121
TIC	122



ABASTECIMIENTO

Investimento total: 1.042.946,30 €

Conexión da rede de abastecemento en todo o casco urbano de Ares

Ares afrontou unha obra capital para a localidade como é a mellora e modernización da infraestrutura da rede de abastecemento en todo o casco urbano.

No conxunto de 24 rúas e avenidas melloráronse e modernizáronse as redes de abastecemento resolvendo as deficiencias e substituíndo as antigas tubaxes.

Toda a obra realizada trae como consecuencia a mellora na presión de auga de toda a zona, evitando tamén perdas de auga.

A obra supuxo un considerable esforzo económico **cun investimento total de 875.183,07 €** dos cales 500.000 € sufragáronse con fondos municipais.





Obras nos depósitos de auga de Os Castros

En Ares leváronse a cabo novos traballos cos que se reforza o servizo de subministración de abastecemento no centro urbano, coa execución das obras de adecuación do depósito de Os Castros.

Os problemas de caudal e presión de auga derivados das deficiencias nas dimensións e perdas na condución xeral que abastece o municipio procedente de Ferrol, que implica actuacións fora do termo municipal, motivou a execución de obras de adecuación dos depósitos de Os Castros coa finalidade de almacenar a auga durante a noite, nas horas de demanda mínima, co obxectivo de non poñer en risco a subministración á rede, para ser consumida ao día seguinte polos usuarios, enchéndose os depósitos sen bombeos e facén-

do por gravidade e, por tanto, sen consumo eléctrico engadido.

Os traballos supuxeron **un investimento de 149.763,25 €**, sufragados na súa totalidade con fondos municipais.

A intervención nos depósitos de auga consistiu na impermeabilización da cuberta e do interior dos muros e soleiras e instalación dun grupo de presión, coa renovación dos elementos de caldeiraría e equipos dentro da cámara de claves. A súa posta en funcionamento supón unha actuación decisiva, pois permite adecuar a rede existente, xa renovada en gran parte, e dotala de presión e caudal en condicións idóneas.



Conexión de auga potable en Barallados

A conexión do abastecemento de auga a Barallados desde Mugardos facíase necesaria. Simou e Barallados, tiñan importantes problemas de presión de auga debido á elevada cota con respecto ao centro urbano de Ares; a dita situación empeoraba drásticamente durante o verán, co aumento da demanda no pobo de Ares.

Cun investimento de 18.000 € obtidos dos fondos municipais conectouse a auga dende a rede de abastecemento de Mugardos por gravidade, despois de asinar un convenio co concello veciño solucionando así o problema referido.



SANEAMENTO


Investimento total: 226.105,51 €

Renovación do saneamento na subida a Os Castros desde o Xuncal



Logo de renovar nesta zona o abastecemento hai 4 anos, tocáballle substituír por completo o saneamento, actuación que se rematou cun aglomerado de todo o vial que se atopaba en mal estado.

O investimento acadou os 68.217,17 € que aportou a Deputación da Coruña do seu plan de Obras .



Saneamento na rúa Irmáns Bugallo

Nesta rúa eran frecuentes os problemas co saneamento, polo que resultaba necesario renovar a rede. O abastecemento estáse a substituír na actualidade dentro do plan de cambio de tubaxes de todo o cen-

tro urbano aresán e unha vez rematada esta actuación procederáse a botar un novo firme na rúa.

O investimento nesta actuación foi de 37.888,34 €



Saneamento e melloras na Avda. Gaspar Rodríguez de Redes

A área de Urbanismo acometeu a mellora do saneamento nesta rúa redeña.

Esta intervención permitirá eliminar múltiples filtracións de augas fecais á rede existente na avenida e supuxo **un investimento de case 40.000 €** asumidos polas arcas municipais e o Fondo de Compensación Ambiental.

A obra está a executarse actualmente polo que aínda, como no apartado anterior, non foi posible renovar o firme deteriorado.



Obras nos servizos afectados pola ampliación da estrada Ares-Chanteiro

O remate das obras de adaptación dos servizos afectados na DP-0402 Ares-Chanteiro (actuación que contou **cun orzamento próximo aos 80.000 €** con cargo ás arcas municipais) foi un paso necesario para a ampliación do seu trazado por parte da Deputación da Coruña. Coa conclusión destes traballos preparatorios, puido iniciarse o proceso de mellora integral do último

tramo de estrada que une os dous lugares da vila.

A intervención centrouse na adaptación das redes de abastecemento e saneamento previas, tendo en conta as condicións derivadas do novo trazado, de modo que xa quedasen instalados os pasantes dos servizos, evitando así danar a nova plataforma cando estea finalizada. Realizáronse extensións de ambas infraestruturas básicas, coa instalación de tubaxes nas marxes da calzada.

A ampliación deste tramo, malia que en extensión sexa só a terceira parte de todo o proceso de mellora da conexión viaria entre Ares-Chanteiro é a máis complicada, tendo en conta as súas características orográficas e o número de vivendas implicadas na intervención executada polo ente provincial.



LED



EFICIENCIA ENERXÉTICA

Investimento total: 946.272,87 €

Mellora da eficiencia enerxética nas estradas de Ares a Mugardos e outras

Nesta grande intervención no alumeadado público instaláronse novos postes, luminarias e cableado soterrado en dúas estradas principais: estrada a Chanteiro, desde a rotonda da avenida de Mugardos ata a rotonda de Pedrachá e estrada a Mugardos, desde Ares ata Simou. Renovouse ademais toda a instalación da avenida Federico García Expósito e a urbanización Mariña do Pombal (As Pezoas- Caamouco).

O investimento total acadou o importe de 343.720,81 €



Mellora da eficiencia enerxética en Ares e Redes

Ares




Seguindo coa estratexia de aforro enerxético e conscientes de que se aproximaban tempos complicados para o custe da enerxía, o Concello de Ares apostou por abordar o grande reto de substituír todo o alumeadado dos seus cascos urbáns, Ares e Redes, así como a renovación dos seus cadros eléctricos, caixas de distribución, cableados...

A dita intervención supuxo un antes e un despois: homexeneidade, eficiencia e resultado lumínico óptimo. **O importe da actuación foi de 320.128,78 €, sufragados nun 80 % polo IDAE e o 20 % por fondos municipais.**





Redes



Instalacións fotovoltaicas en edificios municipais

O Concello de Ares incorporou a instalación de fotovoltaicas a varios inmobles municipais.

Cun investimento de 79.927,63 € (financiado nun 80 % polo Instituto para a Diversificación e Aforro de Enerxía -IDAE- adscrito ao Ministerio de Transición Ecolóxica e nun 20 % polas arcas municipais) esta actuación supuxo a instalación de paneis solares fotovoltaicos sen sistema de acumulación eléctrica en sete puntos municipais: casa da xuventude, campo de fútbol de Prados Vellos, Alianzas do Lago, dependencias

da área de Igualdade e Benestar, depósitos de auga da urbanización Mariña do Pombal e nave almacén dos servizos e obras municipais.

A instalación destes paneis concorda coa liña de actuación do Concello de Ares polo que respecta á aposta polas enerxías renovables e sostibles co obxecto de reducir o impacto ambiental, garantir unha mellora da eficiencia enerxética nos espazos municipais e reducir a factura eléctrica do Concello.



Mellora da eficiencia enerxética en Prados Vello

A eficiencia enerxética chegou tamén ao campo de fútbol de Prados Vello.

Coa actuación de substitución dos farois halóxenos das torres de iluminación do terreo de xogo, deficientes en termos lumínicos e enerxéticos, por unhas novas de tipo LED garátese un servizo de maior calidade lumínica e aforro enerxético.

A actuación contou cun investimento de **58.834,46 €**, rexistrados no Plan de Obras e Servizos da Deputación.



A Ministra para a Transición Ecolóxica, Teresa Ribera, visitou o Concello de Ares



A ministra coñeceu de primeira man o avance das obras de aforro enerxético acometidas ao amparo de axudas estatais, que permitiron melloras en inmobles como a Casa da Xuventude.

A vicepresidenta terceira do Goberno comprobou a instalación nese inmoble de placas fotovoltaicas que tamén se situaron noutras dependencias municipais en aras dunha maior eficiencia enerxética. Ademais o goberno local indicoulle que a contribución canalizada a través do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) da que ela é responsable, permitiu renovar as instalacións de iluminación e sinalización exterior na zona do Mazote e a estrada que conduce ao concello de Mugardos (117.363,66 €).

O executivo municipal informou tamén á ministra de que acometera tarefas semellantes no vial de Chanteiro a Lubre (114.605,01€) e na zona de Mariña do Pombal e A Rega (111.752,14 €) .

No caso do impulso de instalacións fotovoltaicas constatou a inversión de 79.927,63 € mentres que tamen puido comprobar a renovación de instalacións de iluminación no centro urbano de Ares e no núcleo de Redes (320.128,71 €).

O Concello aresán , coas axudas do seu departamen-

to, completará este plan de eficiencia enerxética coa substitución das súas caldeiras de gasóleo por outras de biomasa tanto na casa do concello como na biblioteca municipal e no campo de fútbol de Prados Vellos (143.661,19 €).



Ao mesmo tempo, rehabilitarase o pavillón polideportivo cun proxecto de 516.051 €, cunha achega municipal de 77.407 €, que renovará por completo a súa envolvente, iluminación e substituíndo as caldeiras de



Proxecto: novas caldeiras de biomasa en edificios municipais

O Concello de Ares no seu afán de contribuír a frear as emisións de CO2 e como queda acreditado nos puntos anteriores, leva anos investindo en tecnoloxía para o aforro enerxético en todos os edificios municipais.

En breve milloraranse os sistemas actuais de caldeiras de gasoil por caldeiras de biomasa en varias de-

pendencias municipais do Concello como as Alianzas Aresanas ou o campo de fútbol de Prados Vellos. Esta intervención está cofinanciada polo IDAE (80%) e o Concello (20%).

Nestas obras **investiranse 143.661,19 €**



PAVIMENTOS E APARCADOIROS



Investimento total: 678.416,68 €

Melloras no camiño de Besoxo



No 2021 a concellaría de Urbanismo acometeu as obras de mellora do camiño que accede ao núcleo rural de Besoxo e que era unha demanda veciñal dende hai tempo. O vial obxecto de actuación conta con 565 metros de lonxitude e 5,45 metros de largura media, ampliados coas cesións realizadas polos veciños o ano anterior, e proporciona acceso a varias vivendas e parcelas agrogandeiras.

Co esforzo e xenerosidade da veciñanza da zona, que

colaborou coa cesión dos terreos para acadar a reclamada ampliación logrouse poder transitar dous vehículos sen dificultade ao longo de case todo o tramo. A obra levouse a cabo en dúas fases; por unha banda acondicionouse o sobreancho, e por outra aglomerouse logo todo o vial deixándoo cun pavimento uniforme.

O investimento foi de 39.908,18 €, aportación dos fondos da Agader.



Desvío do camiño de Maciñeiras na contorna do Centro Educativo Municipal

Esta obra de desvío do camiño de Maciñeiras resultaba estratéxica para a prometida ampliación do CPI As Mirandas por parte da Consellería de Educación.

O Concello acometeu os traballos de execución do proxecto de urbanización e desvío, segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) outogándolle un novo trazado que mellora as comunicacións na contor-

na do colexio e que permitirá executar a futura ampliación do centro educativo.

O importe ascendeu a 51.456,77 € financiado íntegramente polo concello que deixou así cumpridas as súas obrigas para que a Xunta poida de inmediato abordar a ampliación do centro educativo, unha actuación imprescindible para Ares.



Mellora do camiño de Pedrachá (Chanteiro)

Un camiño con grandes problemas de evacuación de augas pluviais e co firme moi deteriorado era o camiño de Pedrachá, situado na parte alta do núcleo rural de Chanteiro. O devandito camiño ten unha lonxitude moi extensa, polo cal nesta intervención só puido executarse dúas terceiras partes daquel, quedando pendente o tramo sur para unha intervención posterior. **Nesta obra investíronse 42.159,57 €** financiados pola Consellería de Medio Rural.



Mellora da accesibilidade á praia de Seselle

Esta obra consistiu na mellora de todos os pavimentos do camiño de acceso á praia de Seselle desde a estrada provincial (cunha importante afluencia de vehículos e peóns durante o verán).

A calzada cubriuse cunha capa de aglomerado en quente, arranxáronse as beirarrúas e melloráronse os accesos ás parcelas privadas.

O importe total investido foi de 59.931,75 €



Mellora do camiño de Albaiana, na zona do Alto de Simou

Aínda que neste camiño limítrofe co concello de Mugardos, concretamente na zona do Alto de Simou, viven moi poucos veciños, o goberno municipal tivo a sensibilidade de comprobar o pésimo estado deste vial municipal no que non se actuara durante os últimos 25 anos e pór remedio.

Con esta intervención ampliouse un tramo de saneamento, perfiláronse as cunetas e procedeuse ao seu aglomerado así como traballos de pintura e sinalización viaria.

O investimento foi de 32.425,67 € sufragado pola Consellería do Medio Rural e Agader.



Pavimentación do camiño de subida a Barracido desde Mariña do Pombal



O Concello de Ares acometeu traballos de pavimentación no tramo entre a saída da urbanización de Mariña do Pombal e o cruce en dirección Rodelas e Solaina. O camiño, que enlaza a estrada CP-0401 (estrada Ares a Redes) coa AC-115 (no concello de Mugardos) soporta moito tráfico sobre todo no verán xa que dá acceso á praia do Raso e Sellselle desde os concellos veciños de Fene e Mugardos.

Unha das zonas do camiño co firme máis deteriorado era a que une a urbanización Mariña do Pombal co núcleo rural de Barracido polo que ese foi o tramo do vial que se aglomerou xunto coa limpeza das cunetas.

O investimento de 48.212,53 € foi asumido entre a liña de axuda proporcionada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e o Concello de Ares, que encastra esta actuación nas executadas en lexislaturas anteriores no resto deste núcleo rural respectando a planificación municipal de reequilibrio territorial entre lugares e parroquias da vila.



Construción do aparcadoiro do Club de Tenis en Redes

Conscientes do problema de aparcamento nos meses de verán, o Concello levou a cabo nesta lexislatura novos investimentos en aparcadoiros, así como novas medidas de ordenación destes e do tráfico nesas zonas de grande afluencia de visitantes tratando así de protexer á veciñanza que reside nas zonas da fachada marítima pero tamén de ofrecerlles opción viables de estacionamento ás persoas que nos visitan dada a importancia do turismo no noso municipio. Neste sentido, a concellaría de Urbanismo así como a de Obras, Servizos e Tráfico, coordinaron diferentes actuacións en todo o término municipal.

Unha delas, e grazas á xenerosidade da directiva e da masa social do Club de Tenis de Redes permitiu asinar un convenio a finais da lexislatura pasada para a cesión dunha porción do terreo situado na fronte do seu edificio principal co fin de que o Concello levase a cabo as obras necesarias para a súa urbanización de maneira que unha parte quedase para uso exclusivo dos

socios do Club de Tenis e a outra como aparcadoiro disuasorio para visitar Redes, deixando o xa existente para darlle servizo á veciñanza de Ares.

A obra de urbanización consistiu na creación de viais en formigón desactivado e as zonas de aparcamento en lousa céspede, a necesaria creación de muros perimetrais e o divisorio entre as dúas zonas de aparcamento e o proxecto de instalación de luminarias leds.

Coa devandita obra, que crea en total incluíndo a parte pública e a privada 100 prazas para vehículos, poderase organizar o aparcamento en Redes e a retirada dos vehículos das beirarrúas de Gaspar Rodríguez que impiden preservar a seguridade dos peóns.

Toda esta intervención supón un investimento duns 200.000 € totalmente sufragada con fondos municipais.



Aparcadoiro na Reitoral



Despois de conseguir na lexislatura pasada a cesión da casa reitoral de Ares e os terreos anexos culmináronse a totalidade das obras de urbanización do aparcadoiro situado nas inmediacións do grupo de vivendas Cortiñas Gil iniciadas en etapas anteriores.

Coa última intervención rematáronse as prazas de aparcamento con lousa céspede, instaláronse luminarias leds, mellorouse o axardinamento e a comunicación co aparcadoiro veciñal xa existente. O carácter estratéxico deste aparcadoiro é evidente pois se atopa no propio centro urbano e dá servizo a visitantes e veciñanza.

Nesta actuación investíronse 59.012,29 € que unidos aos investimentos anteriores fan un total de 120.000€ de aportación total, financiados pola Axencia de Turismo e o Concello de Ares.



Aparcadoiro no Cemiterio de Cervás

Por razón de evidente necesidade, xa que non se contaba con ningún espazo para darlle servizo, o concello de Ares adquiriu un espazo de 3.000 m² próximo ao cemiterio de Cervás. Este terreo actualmente ten a superficie acondicionada con áridos que permite aparcas os vehículos dun xeito máis cómodo.

O investimento ascendeu a 40.000 €



Proxecto: Urbanización do camiño Real e do camiño do Cruceiro en Chanteiro

Para subsanar os problemas que presentan o camiño Real de Chanteiro (con tramos sen espazo para cunetas) e o camiño do Cruceiro (que comeza onde acaba a estrada provincial e baixa á praia) pavimentaranse ambos, o último deles ata uns metros máis abaixo do Cruceiro.

Ambas actuacións levaráanse a cabo en aglomerado e contarán cun investimento de 47.631,66 €



Proxecto: Acondicionamento do tramo sur do camiño de Pedrachá

Despois de múltiples investimentos nos camiños de Chanteiro queda pendente o tramo sur de Pedrachá que une coa estrada provincial.

Para arranxar este tramo será necesario investir 57.678,26 € e realizarase con aglomerado, igual que o tramo norte xa executado.



Estrada Ares - Chanteiro - 2ª Fase



A Deputación da Coruña iniciou as obras que afectan ao tramo desde o punto quilométrico 3,700 ao 4,700 na estrada de Ares a Chanteiro (DP-0402).

Estes traballos, **cun orzamento de 678.951€** aos que **hai que sumar 47.102 €** do importe das expropiacións de terreos realizadas, correspóndense coa segunda fase dunha ampliación e mellora fundamental desta vía que permite aumentar considerablemente a seguridade do espazo tanto de viandantes como de vehículos.

A intervención do organismo provincial executouse despois das necesarias adaptacións dos servizos afec-

tados que levou a cabo o Concello de Ares durante a anualidade do 2020. A obra emprega os mesmos materiais e a mesma tipoloxía de seccións da primeira fase, continuando, completando e uniformando unha actuación integral de mellora na estrada.

O investimento de todo o conxunto, incluíndo o primeiro e o segundo tramo (4,6 quilómetros), ascende a 1.500.000 de euros e inclúe beiravías e sendas peonís nas marxes. A ampliación dá resposta a unha reivindicación histórica dos veciños de Chanteiro e supón unha parte fundamental dun proxecto considerablemente complexo desde o punto de vista técnico e ambicioso desde o punto de vista económico.



Senda peonil Ares - Redes

A obra máis importante de unión entre os núcleos urbanos de Ares e Redes faise realidade coa construción da senda peonil ao longo de toda estrada que enlaza ambos lugares. Esta era unha reivindicación histórica da veciñanza de Caamouco e permitirá a mellora da seguridade tanto dos vehículos como dos peóns nun vial moi transitado.

As obras supoñen un importante investimento de 748.038 € e implicarán a construción dun total de 3,2 quilómetros de beirarrúas de dous metros de

ancho, que transcorrerán na súa maior parte sobre a marxe dereita (agás do punto quilométrico 2+960 ao 3+200 para evitar afeccións ao peche da Villa Santa Amalia, por indicación de Patrimonio).

As tarefas incluírán tamén un muro de contención entre os puntos quilométricos 2+636 e o 2+650 para evitar a invasión excesiva das parcelas anexas, así como a ampliación da drenaxe existente, instalacións de nova sinalización e reposición de pavimentos afectados.





Mellora da seguridade vial en Pedrós

Despois de executar a primeira fase da senda peonil que unía Ares, dende o cruce da avenida Federico García Expósito, ata a Cidade Deportiva, este goberno atendendo ao compromiso electoral adquirido continuou coa ampliación da dita senda ata o núcleo rural de Pedrós.

Este proxecto continúa esa senda peonil cun itinerario reservado para peóns de 1,8 metros de ancho libre. Análogamente ao realizado na fase anterior instalouse unha nova rede de pluviais, canalizacións da rede eléctrica e retranqueo de postes.

Esta actuación dá resposta ás necesidades da zona de Pedrós, que experimentou un crecemento no propio núcleo rural debido á súa incorporación como tal na nova planificación urbanística municipal, pero tamén mellora o acceso ao humidal da Xunqueira e á Cidade Deportiva presentándose como unha vía de saída do centro urbano pola AC-133

O importe dos traballos executados ascendeu a 120.060,31 € sufragados con cargo aos fondos provinciais que ampliaron o investimento doutros 122.554,40 € xa realizado na primeira fase.



HUMANIZACIÓN DE RÚAS E PRAZAS



Investimento total: 1.834.335,90 €

Humanización da rúa Fomento: renovación dos servizos, mellora enerxética e pavimentos

Un dos obxectivos deste goberno é continuar humanizando as rúas e prazas da vila convertendo así as vías públicas nun espazo de tránsito máis agradable e de desfrute da contorna urbana.

Nesta liña, na rúa Fomento, vía de saída importante de

Ares, renováronse todos os servizos de abastecemento, saneamento e actuouse sobre a mellora enerxética mellorando tamén o pavimento con formigón.


O investimento foi de 39.770,45 €



Humanización do Calexón en Redes

Otra importante intervención no eido da humanización executouse no ano 2019 no coñecido como O Calexón de Redes renovando infraestruturas, pavimentos e alumeado.

Os traballos, por importe de 98.701,36 €, contaron cunha subvención da Consellería de Medio Ambiente e supuxeron a mellora dos servizos da rúa e a harmonización doutro enclave singular do patrimonio histórico e cultural do municipio. Ambas intervencións eran un compromiso adquirido polo concello coa veciñanza da zona igualándoa coa estética do resto das rúas de Redes.



Humanización e renovación dos servizos nun tramo da rúa María

A rúa María é unha das máis longas e céntricas do casco urbano aresán. Humanizouse polo de agora o tramo que vai desde as Escolas do Lago ata a avenida Federico García Expósito, renovando todos os servizos e acometidas, executando novos firmes de formigón e reparando beirarrúas.

Neste tramo invetéronse 185.500,71 €



Humanización da rúa Cisne

No Porto, a zona máis antiga de Ares, estableceuse unha comunidade xudía no século XV á beira do mar co fin de traballar no comercio do sal. A comunidade mesmo tiña a súa propia sinagoga da cal se conserva unha parte da estrela de David que hoxe serve de dintel dunha das casas da zona. A orixe mariñeira do barrio deu lugar ás fábricas de salgadura da sardiña, industria desaparecida nos anos 70. No barrio do Porto aínda se conservan casas tradicionais que enriquecen o atractivo do lugar.

Dentro das actuacións de posta en valor desta parte da vila, en setembro do ano 2019 remataron as obras da Rúa Cisne (a primeira das fases do proxecto de pavimentación e renovación de infraestruturas nesta zona) **cun investimento total de 142.687,57 €**

Os traballos realizados consistiron na renovación das redes existentes de abastecemento de auga, pluviais, fecais, canalizacións telefónicas, canalización da rede de baixa tensión e a renovación do pavimento máis acorde co entorno.

Este tipo de actuacións, que se estenderán por todo o núcleo nas sucesivas fases, reflicten a aposta pola mellora do patrimonio histórico e cultural e o benestar da veciñanza, conseguindo mellorar a calidade dos servizos e dar uniformidade e continuidade ao conxunto.

Esta obra e as vindeiras completarán un ambicioso proxecto valorado en 1.000.000 € que suporá unha profunda renovación e homoxeneización dos servizos nas rúas que integran o núcleo do Porto.



Humanización dos Reais Alfolíes

A Plazuela dos Reais Alfolíes forma parte tamén da zona do Porto e resulta fundamental para entender o noso pasado unido á salgadura. As obras pretenden unha mellora na calidade das rúas que garanta o benestar da veciñanza ao mesmo tempo que se realiza o mantemento e conservación delas.

Eliminouse o firme existente, renovouse o abastecemento de auga potable, a rede de fecais e a rede de

pluviais e tamén se acometeron as canalizacións de telecomunicacións.

A pavimentación realizouse en continuo e instaláronse 4 bancos con respaldo e asento de madeira, con estrutura de fundición dúctil e 3 papeleiras metálicas.

Humanizar toda esta zona contou cun investimento de 172.068,62 €



Proxecto: Humanización do resto das rúas do Porto (Mártires, Caramanchón, Dolores, San Xoán, Consistorio...)

Como adiantabamos, o compromiso do goberno local é seguir abordando a humanización do resto das rúas do Porto, tal e como se fixo coas mellores anteriores.



Están en fase de estudo as obras nas rúas Mártires, Caramanchón, Dolores, San Xoán, Consistorio... **cunha previsión de investimento de 600.000 €.**



Proxecto: Mellora de servizos e pavimento na rúa San Xosé

Na rúa San Xosé renovaranse os servizos de abastecemento, saneamento, pluviais, dotarase de canalizacións soterradas aptas para o acubillo das actuais liñas de subministración eléctrica, iluminación pública e telecomunicacións.

Para rematar a actuación renovarase o firme da calzada e a beirarrúa que se axustará á aliñación existente.

O investimento total será de 170.798,28 €



Proxecto : Tramo final da rúa dos Anxos

Nesta zona, as edificacións existentes contan con accesos cuxas rasantes se atopan fortemente consolidadas polo que non se proxecta ningunha modificación nestas nin para as pendentes lonxitudinais nin para as transversais. Ademais, mantense o esquema existente de recollida de augas, con pendentes cara ós extremos da rúa.

Renovaranse ambas as redes de saneamento (augas pluviais e augas fecais) mediante a substitución das tubaxes actuais por novos colectores de polipropileno corrugado de 400 mm de diámetro. Así mesmo, dispoñeranse novos sumidoiros encargados de dirixir a auga procedente da choiva aos seus colectores de evacuación, e instalaranse novos pozos de aros prefabricados de formigón para o rexistro das devanditas redes. Adicionalmente, reconstruiranse todos os puntos de acometida de ambas as instalacións, incluíndo as súas arquetas de rexistro e as tubaxes de polipropileno con diámetro de 160 mm que se conectarán coas principais.

Outra tarefa para ter en conta, consiste na canalización soterrada das liñas existentes doutros servizos, tales como as correspondentes á subministración eléctrica, iluminación pública e telecomunicacións, coas súas tomas a terra e arquetas respectivas. A pavimentación, cuxa execución se realizará axustándose á aliñación dos bordos existentes, dado que a vía presenta dimensións variables na súa lonxitude dará por rematada a actuación.

A partida destinada a este investimento será de 99.668,95 €



Proxecto: Mellora dos servizos e pavimentos no outro tramo da Rúa Fomento (desde Avda. de Mugardos ata a rúa Solín)

A Rúa Fomento forma parte do armazón viario do centro histórico urbano de Ares. Cunha lonxitude aproximada de 164 m está situada entre a Avda. de Mugardos e a travesía dos Anxos, atravesada perpendicularmente pola travesía da Franxa. Co transcurso dos anos puxéronse de manifesto carencias en canto a estanqueidade da infraestrutura do saneamento, tanto polo que respecta aos colectores como aos pozos de rexistro. Isto facilita a aparición de constantes problemas de obturación e lentitude de evacuación da infraestrutura.

Para emendar este problema substituiranse os antigos colectores de formigón por novas tubaxes de PVC tanto para o caso do saneamento de augas pluviais como no caso do saneamento de augas fecais. Construiranse novos pozos de aros prefabricados de formigón e tapa de fundición para o rexistro de ambas as redes e executaranse novos sumidoiros para a introdución das augas superficiais aos 41 colectores de evacuación das augas pluviais.

Tamén se prevé a reconstrución de todos os puntos

de acometida, tanto no caso das fecais como no das pluviais, coa súa correspondente arqueta de rexistro e tubaxe de polipropileno para conexión cos colectores principais.

De xeito previo á pavimentación dotarase á zona de canalizacións soterradas aptas para o aloxamento futuro das actuais liñas de subministración eléctrica, a iluminación pública e telecomunicacións, coas correspondentes arquetas e tomas a terra.

En canto á pavimentación o ancho da calzada e da beirarrúa dos diferentes tramos, obxecto da presente actuación, é variable, axustándose á aliñación dos bordos existentes.

O investimento previsto será de 155.139,93 €



Proxecto: Humanización da praza do Pozo de Ares

A praza do Pozo é un lugar emblemático do centro urbano de Ares e sobre ela acometeremos tarefas de humanización na liña do que xa estamos a facer noutras zonas similares.

A intervención afectará á rede de pluviais, ás instalacións eléctricas, luminarias e de telecomunicacións, todas coas acometidas domiciliarias correspondentes.

Por último á pavimentación executarase cun acabado de granito natural na zona da praza e beirarrúas.

O investimento será de 120.000 €



Proxecto : Camiños escolares seguros

O Concello de Ares sumárase a unha das principais tendencias urbanísticas que están a transformar o modo no que a cidadanía se relaciona co municipio no que habita. Recuperaremos espazo público para a mobilidade a pé ou en bicicleta con preferencia sobre o vehículo privado favorecendo ademais a creación de lugares seguros onde encontrarse, interactuar e acceder a edificios de interese.

O primeiro treito abarcará dende a rúa Solín, á altura da Avenida Saavedra Meneses (paseo marítimo) ata a rúa Real, vinculando dúas das arterias con maior capacidade de renovación urbana en Ares. Despois, traballarase tamén no treito que une a rúa Real co CPI As Mirandas, finalizando no encontro da rúa Celso Emilio Ferreiro e Maciñeiras. A construción dunha plataforma única nos treitos que se sinalaron anteriormente igualará as cotas das beirarrúas e da calzada para crear un espazo totalmente accesible, libre de barreiras, e onde o viandante poida transitar sen problemas. Esta plataforma única contará cunha gama cromática propia, empregando tons terra diferenciándose do resto da pavimentación pública.

Esta planificación das cores responde á linguaxe urbanística pois se utilizan non só para unificar esteticamente os equipamentos públicos senón tamén para identificar os espazos onde o camiñante ten prioridade. Mais tamén haberá outros elementos que contarán coa súa propia pintura, como é o caso dos pasos de peóns, con diferentes cores que chamarán a atención

das persoas condutoras co fin de reducir a sinistralidade. Empregarase pintura ecolóxica e converteranse noutro dos trazos característicos e diferenciadores das vías seguras e de predominancia do transeúnte. Os camiños escolares propoñen tamén a instalación de sinalizacións verticais que indiquen o itinerario cara o colexio facendo que sexa ao mesmo tempo seguro e atractivo camiñar da casa ao CPI As Mirandas e promovendo que a rapazada converxa nunha mesma rúa, nun mesmo lugar onde socializar e participar coma cidadáns de pleno dereito no espazo público.

UN NOVO LUGAR DE APARCAMENTO: BICA E ARRINCA!

Co foco posto máis aló da transformación da mobilidade esta recente adxudicación dá axuda para a execución dos proxectos, tamén implicará a inclusión do programa “Bica e arrinca” na contorna de influencia do CPI As Mirandas. O Concello adaptará un espazo de aparcamento que estará temporalmente limitado e que se destinará a familiares e escolares. Con esta medida, crearase un lugar seguro onde recoller e deixar aos nenos e nenas durante o proceso de entrada ou saída ao centro educativo, axudando a regular o tráfico e reducir os atascos.

Cada unha das actuacións que se proxectan **contan cun investimento próximo aos 50.000 €**, asumidos entre fondos municipais e a Red Española de Ciudades Saludables (RECS).



ESPAZOS NATURAIS, ZONAS VERDES E ESPAZOS PÚBLICOS

Investimento total: 529.740,78 €

Mellora do espazo marítimo de Seselle

Na parcela municipal ubicada no acceso á praia de Seselle e que alberga o tanque de tormentas acondicionouse unha das partes como zona verde con merendeiro incorporando terra vexetal e mobiliario e outra con saburra para crear un pequeno aparcadoiro,

dándolle á praia de Seselle outra zona de aparcamento máis.

O investimento acadou os 39.991,25 €




Melloras no acceso á praia do Raso

Continuando coa mellora de todos os areais do municipio executouse esta actuación no acceso á praia do Raso que presentaba importantes deficiencias xa que pola rampla existente baixaba unha gran cantidade de auga proveniente do río que discorre a través do cámping anexo atravesando a parcela de forma subterránea o que provocaba que o formigón estivese esvaído co perigo que iso supoñía. Ademais a dita rampla contaba cun pequeno chanzo que dificultaba a accesibilidade para persoas e vehículos cos que se realiza a limpeza do areal.

A solución consistiu en mellorar as canalizacións en toda a contorna do acceso ao areal e a recepción do cámping así como a creación de beirarrúas que permiten aos peóns ter un espazo reservado fronte á grande afluencia de vehículos que se produce durante o verán.

A rampla de formigón tamén foi renovada así como a canalización do río e as augas pluviais que discorrían por ela.

O investimento foi de 38.772,66 €



Mellora da contorna e posta en valor da praia de Ares e do Xuncal



Como sabemos, Ares conta con múltiples areais nos que se están a renovar os accesos e o mobiliario urbano. Na praia do Xuncal renovouse toda a varanda que a bordea ata chegar ao parque infantil, así como as dos seus accesos, completando a actuación coa instalación de bancos que serven de apoio á pesca deportiva na

zona final do tramo. No inicio da subida aos Castros colocouse un respaldo ao banco de pedra que linda coa praia para evitar que a area invadise tanto os viais limítrofes co areal como todo o paseo de madeira que bordea esta entrada peonil ao Xuncal.





Precisamente ese acceso á praia e a súa contorna, por seren un dos puntos con maior número de visitantes e persoas usuarias, foi obxecto da última actuación realizada ata o momento nos areais municipais.

A intervención contemplou unha renovación completa do acceso desde a avenida de Os Castros, substituíndo escaleiras, senda e rampla de madeira o que permite a mellora da seguridade e da accesibilidade, facilitando e fomentando un uso de calidade de toda a área.

Con esta e outras intervencións previas ou futuras, preténdese potenciar e favorecer un motor socioeconómico de primeira magnitude para a localidade, principalmente polo turismo de mar, o interese para a pesca deportiva e o gran uso que se lle dá ao areal. A eliminación de barreiras e a renovación de infraestruturas configurarán unha praia do Xuncal máis accesible e segura para veciñanza e visitantes.

Nestas actuacións investíronse 90.000 €



Posta en valor da Xunqueira



O Concello está apostando de xeito permanente pola conservación e recuperación desta zona húmida e nesta liña van os traballos de rehabilitación da senda que percorre o parque fluvial e as súas áreas de interpretación da natureza.

Limpáronse as superficies de madeira en todo o seu percorrido (taboado, varandas e casetas de observación), incluíndo a esmouca e eliminación de restos vexetais que comprometen o tránsito e a estabilidade da construción da senda e que contribúen á súa revalorización.

Realizáronse traballos de desmontaxe e demolición das pezas de madeira en mal estado e a súa reposición por outras seccións novas. Instaláronse papeleiras, bancos de madeira e nova sinalética. Os obxectivos son claros: a recuperación, potenciación e protección do humidal do río posibilitando, grazas ás obras realizadas ata o momento, o coñecemento da súa flora, fauna e paisaxe por parte da poboación con resultados moi positivos, xa que o parque fluvial está a ser visitado a diario por numerosos veciños e veciñas da vila e de fóra do municipio.

A súa recuperación logrou establecer en Ares especies como os patos, que xa forman parte da estampa cotiá do humidal. **O investimento nesta ocasión foi de 52.098 €**





Proxecto: mellora dos accesos á praia de Seselle desde Os Castros

Dentro da dinámica de mellora de todos os accesos aos areais está proxectada a mellora da baixada á praia de Seselle desde Os Castros.

A actuación enmárcase na comarca paisaxística do Golfo Ártabro Litoral. A extensa praia de Seselle sitúase na enseada de Ares, no mesmo corazón do núcleo urbano da localidade, e recibe un gran número de visitantes durante a época estival. Esta praia está equipada con bastantes servizos e a zona de fondeo é frecuentada por barcos de recreo. O seu acceso desde a Avenida de Os Castros presenta importantes deficiencias no firme que conforma a senda de entrada ao areal o que dificulta unha axeitada entrada e disfrute da praia.

Con esta actuación búscase mellorar esa accesibilidade ao areal para fomentar o seu uso que redundará nun potencial desenvolvemento no territorio próximo.

Concretamente comezarase coa roza e limpeza da vexetación existente ao longo da senda de acceso á

praia, a limpeza de cunetas e pasos transversais. O estado actual da senda na que existen zonas de formigón en masa con zonas irregulares debido á drenaxe de auga da zona cunha forte pendente fai preciso o seu izado e retirada por xestor autorizado.

Feito isto é necesaria a formación de caixa para a colocación da nova plataforma accesible facilitando o acceso ás escaleiras próximas e a rampla de desembarco ao areal. Para a drenaxe será necesaria a instalación dun caz de formigón para a recollida das augas pluviais e estenderase unha pavimentación da calzada en formigón armado con malla de aceiro sobre unha base de firme de saburra previamente compactada coas pendentes oportunas.

Tamén se habilitará unha nova zona verde ao final do tramo, nas proximidades ás escaleiras e a rampla de desembarco ao areal.

O investimento será de 39.999,98 €



Proxecto: Creación de espazo saudable no CPI As Mirandas

Previsto no proxecto antes referido e denominado “CAMIÑO ESCOLAR SEGURO” a través do que se modificaba a mobilidade nun ámbito extenso en busca da prioridade da circulación peonil sobre os vehículos entre o centro urbano do municipio e o espazo de influencia deportiva de As Mirandas, preséntase, como continuación deste percorrido, o “ESPAZO SAUDABLE NO CPI AS MIRANDAS” que inclúe a habilitación dunha área xa existente como espazo recreativo, seguro e accesible e zona de xogo ao aire libre. Neste contexto, os accesos ao colexio de As Mirandas, así como as súas inmediacións, constitúen un espazo que na actualidade carece de zonas habilitadas en materia de accesibilidade e seguridade para as persoas que redunda nun risco para os peóns.

Esta mellora da comunicación peonil desde a Rúa Celso Emilio Ferreiro permitirá completar o circuíto seguro ata a nova área funcional e recreativa proxectada no recinto de As Mirandas. Na actualidade a área prevista atópase con escaleiras e ramplas non accesibles, así como un firme de céspede natural impracticable para o seu uso e goce durante os meses de choivas debido aos graves problemas de drenaxe que presenta.

A inversión prevista será de 214.969,62 €



Proxecto: Recuperación do parque infantil do Porto

O parque do Porto, actualmente ocupado por un parque de xogos destinado a nenos de 6 a 12 anos convertirase nun parque infantil destinado a nenos e nenas de 1 a 6 anos .

A razón deste cambio é a renovación da pirámide poboacional da zona, que inclúe a novas xeracións atraí-

das pola natureza histórica e mariñeira do barrio e o seu valor patrimonial. O pavimento e parte do mobiliario atópase moi deteriorado xa que en realidade o parque úsano adolescentes con actividades non relacionadas co fin orixinal do parque.

O investimento previsto é de 53.909,27 €





REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS MUNICIPAIS

Investimento total: 1.201.171,70 €

Rehabilitación da cuberta e fachada da Casa Reitoral



O Concello de Ares, tras formalizar a cesión da Casa Reitoral co Arcebispado de Santiago, deu un novo paso na rehabilitación integral da mesma coa execución, con cargo aos fondos provinciais, do proxecto de rehabilitación da envolvente exterior, **por importe de 113.933,73 €**

Os traballos foron realizados de acordo ás instrucións de Patrimonio e consistiron na renovación das fachadas a base de enfoscado e a dotación de cuberta con

cerchas de madeira e tella, e completaranse na seguinte fase coa reforma interior e a substitución da carpintería.

Na actualidade forma parte das edificacións históricas e singulares de Ares toda vez que se atopa dentro dos tres inmobles que contan con patín, xunto co edificio do Xulgado e o da Casa da Xuventude, ambos de titularidade municipal e xa rehabilitados para os usos actuais.



Reparación da cuberta da cociña no Mosteiro de Santa Catalina

Esta obra de rehabilitación recuperou o estado orixinal da propia cuberta do cenobio, anterior á reforma de carácter militar, e supuxo o arranxo dunha superficie de 162 metros cadrados. Sen contar no proxecto inicial durante a actuación atopáronse elementos con valor patrimonial: letrinas orixinais, un forno ao carón da cambota e a canalización antiga dende os alxibes.

Coa intervención reparouse o tellado, que mantén a tipoloxía a dúas augas sobre os muros existentes, poñendo solución así ás filtracións de auga que había e permitindo que a cuberta regresase ó seu estado orixinal. Os traballos tamén redundaron nunha clara mellora en termos de estabilidade e dignificación do patrimonio arquitectónico do mosteiro, deixando atrás as condicións precarias nas que se mantiña a infraestrutura, que incluía partes oxidadas, goteiras ou desprendementos importantes.

Restaurouse ademais a campá da cheminea da sala principal; levouse a cabo o saneamento da parte exterior do muro mediante un drenaxe que recolle as augas de escorrentía; substituíronse fiestras, portas e faltas na fachada do inmovible e eliminouse o muro que dividía a sala principal.

LETRINAS ORIXINAIS E UN FORNO, DESCUBERTAS DURANTE OS TRABALLOS

Como indicamos antes, a rehabilitación que se desen-

volveu durante estes meses non só implicou acometer unha mellora fundamental para o cenobio aresán senón que tamén conlevou a aparición de varios elementos de interese histórico dentro do Mosteiro: concretamente dunhas letrinas orixinais e un forno ao carón da cambota.

Baixo o pavimento de formigón localizouse a antiga canalización de auga procedente dos alxibes da parte superior. Con todo, a aparición destes elementos significou un aumento do investimento da obra, **inicialmente orzamentada en 131.000 €** asumidos entre o Concello e a Deputación da Coruña, ao que **houbo que sumar 35.000 €** con cargo ós fondos municipais.

Finalmente, tamén se recuperou parte do pavimento orixinal na zona da cambota e parte do comedor, que inclúe agora unha meseta elevada e unha rampla para a mellora da accesibilidade no espazo. No resto do chan, instalouse formigón pulido.

A intervención interprétase coma unha continuación da liña de traballo que se está a executar na área, toda ela centrada no coidado do noso patrimonio histórico e cultural, en consonancia co Plan Especial de Protección de Montefaro e Punta Coitelada do Concello de Ares.





Posta en valor da Alianza Aresana

Este proxecto promovido polo Concello para a posta en valor do edificio da Alianza Aresana como centro de promoción da cultura e patrimonio indiano realizouse a través dun convenio de colaboración coa Axencia de Turismo de Galicia para a realización de actuacións de mellora das infraestruturas turísticas.

O investimento total foi de 32.701,64 €, e contou cunha subvención de 21.256,07 €. As intervencións consistiron na mellora da accesibilidade coa creación dunha beirarrúa perimetral de máis anchura e o pintado exterior con impermeabilización da fachada.



Rehabilitación das antigas Escolas do Lago

O remate da rehabilitación das Escolas do Lago no ano 2019, correspóndese á primeira fase do proxecto promovido pola administración local que permitirá recuperar o edificio da antiga escola de nenas, construído grazas á Alianza Aresana de Instrución e inaugurado en 1955, baixo o deseño do arquitecto Rodolfo Ucha.

Pola súa magnitude será abordado en tres fases, permitindo recuperar e converter este céntrico edificio nun novo centro sociocomunitario e cultural.

A primeira intervención, que se afrontou **cunha ache-**

ga dun máximo de 134.000 € do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, serviu como punto de partida ao novo futuro da edificación.

As obras incluíron a rehabilitación integral do primeiro edificio, no que se crearon salas de reunións ou despachos; coa renovación completa nas cubertas, aillamentos, instalación eléctrica e de fontanería, carpintaría exterior e interior, aseos, calefacción con caldeira de gas, así como unha acera perimetral en granito abuxardado.



Melloras exteriores no local de ensaio Gildo Illobre

O local de ensaio Gildo Illobre de Lubre xa luce novas fachadas tras os traballos de mellora no seu exterior e de eficiencia enerxética.

O edificio intégrase así paisaxisticamente coa contorna na que se atopa, de marcado valor patrimonial pola presenza da igrexa románica da parroquia.

Cun investimento de 34.422 €, que contou co apoio da Consellería de Medio Ambiente aplicouse un reves-

timento de pedra nacional sobre as fachadas.

Desde o inicio das planificacións urbanísticas no local social de Lubre, executáronse varias intervencións coa idea de dotar de infraestruturas de calidade a un espazo esencial para o lugar. A renovación comezara coa súa rehabilitación básica, interna e externa, para acondicionalo debidamente, e seguiu a colocación do parque infantil e saudable nas inmediacións.



Reforma do local de Seselle



A reforma e adecuación deste edificio e da pista anexa, cedidos pola veciñanza de Seselle que o construíu hai 50 anos como local social e lúdico, permitirá que se utilice para fins culturais, sociais e de promoción para o emprego así como para ofrecerlle aos veciños e veciñas un lugar de referencia para o ocio, o lecer e o esparcemento.

A intervención aproveitou a actual estrutura, con interiores inacabados e instalacións escasas, para a súa recuperación. Deste xeito, a reforma do edificio dótao de tres salas de emprego múltiple e baños con ducha. Os traballos melloran os teitos, a pavimentación do

chan, as fachadas ou o sistema de acondicionamento ambiental, entre outros elementos.

O orzamento da actuación ascende aos 290.041,24 €, postos a disposición do Concello polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, nun préstamo sen xuros a devolver ao longo de oito anualidades.

Ares foi un dos 9 concellos de toda Galicia cuxos proxectos resultaron seleccionados para beneficiarse do instrumento de cooperación da Xunta elixidos en función do seu interese e a acreditación do cumprimento dos requisitos fiscais esixidos.



Mercado Municipal de Ares

Reformas, campañas e dinamización

O mercado municipal de Ares é un espazo que promociona o produto local e de proximidade interconectando o tecido empresarial da vila coa veciñanza e mantendo a actividade económica dun xeito tradicional.

Nestes últimos anos realizáronse diversas melloras no seu interior; na zona da peixería, así como actuacións de dinamización con diversas campañas de promoción e difusión realizadas pola concellaría de Comercio.




Proxecto: Novo Club de Remo

O Concello de Ares deu o primeiro paso no seu obxectivo de garantir unhas infraestruturas óptimas para o Club de Remo de Ares coa aprobación do proxecto básico de nave de almacén; unha actuación que responde as necesidades actuais do club, moi focalizadas en liquidar os posibles problemas na estiba de embarcacións de banco fixo e os adestramentos dos seus equipos.

O proxecto recentemente iniciado dotará dunha nova instalación ao equipo e está en consonancia co interese do goberno municipal de apoiar activamente tanto ao Club de Remo (centrándose desta volta nos seus espazos e usos) como ao resto de entidades e asociacións deportivas locais.

Segundo se contempla no documento do proxecto, o edificio terá unha superficie aproximada de 400 metros cadrados (300 na planta baixa e 100 nun primeiro piso) e estará situado na dársena seca do porto, **partindo dun orzamento de 157.000 €**, con cargo tanto a fondos da Deputación da Coruña (86.000 euros) como ao propio orzamento municipal (71.000 euros).



Proxecto: Rehabilitación do segundo edificio nas Escolas do Lago

Recén veñen de adjudicarse os traballos que rematarán a rehabilitación das Escolas de Lago, un ambicioso proxecto de reforma que mellorará notablemente a infraestrutura deste espazo fundamental na historia de Ares pola súa orixe indiana.

Inaugurado en 1955 cun deseño de Rodolfo Ucha, a rehabilitación proxecta manter o uso actual do segundo edificio como lugar de apoio aos usos sociocomunitarios e culturais (reunións, música, charlas, talleres, etc.). Manterase a volumetría e a orixe arquitectónica da edificación, respectando a distribución da escola no pasado, cunha división en dúas salas para impartir as diferentes sesións educativas (unha destinada aos nenos e outra ás nenas) e un corpo de aseos que daba ao patio da parcela.

A intervención conta cun orzamento de 273.073,06 € que se sufragará co préstamo sen xuros outorgado polo Fondo de Cooperación para Concellos do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) como sucedera co local de Seselle.

Segundo a información proporcionada polo Concello, acometeranse melloras na cuberta, a tabiquería interior, os falsos teitos, a fontanería, aseos, pavimentos, electricidade, pinturas, sistema de calefacción... En definitiva, a actuación traducirase nunha renovación integral, de igual maneira que xa se realizou anteriormente no edificio que conforma a mazá das Escolas do Lago e que se atopa separado do primeiro, o situado ao leste en dirección á rúa Real, pola praza central aberta ó patio.



Proxecto: Cambio de tellado no local de ensaio, Gildo Illobre

O Concello de Ares ten asinado un convenio coa Consellería de Territorio e Vivenda para a substitución do tellado no edificio do local de ensaio Gildo Illobre na parroquia de Lubre.

Coas actuacións de mantemento xa realizadas nos últimos anos, ponse en valor definitivamente o edificio municipal para o desfrute de toda veciñanza, en especial para a mocidade con talento musical.



GRANDES RETOS


Investimento total: 6.673.589,70 €

Proxecto: Novos depósitos e mellora do abastecemento para Ares

A adquisición dos terreos para a ubicación duns novos depósitos de auga potable de 3.400 m³ é o principio da obra de grande envergadura que se acometerá para solucionar os problemas de subministro que existen nalgúns zonas da vila.

A zona de Simou era a óptima para a súa ubicación e tendo en conta as cotas topográficas do terreo da parcela os depósitos serán soterrados. Esta obra incluírá a colocación dunha nova tubaxe de maior diámetro que a actual para lograr unha presión de auga axeitada. A liña de conducción que alimentará o depósito, parte da liña xeral Ferrol-Ares, no lugar da Barca, percorrendo 2,5 km ata o depósito de auga potable. Para o abastecemento do núcleo de Ares deseñouse unha liña de distribución de 1,6 km. de lonxitude.

A inversión será aproximadamente de 3.500.000 € e xa se está a traballar na redacción e sinatura do convenio entre varias administracións para a súa financiación. Esta infraestrutura solucionará definitivamente a problemática da auga que sofre desde vai anos Ares.



Proxecto: Renovación integral de toda a envolvente exterior do pavillón municipal

O proxecto está enfocado a mellorar a eficiencia enerxética do edificio e toda a súa envolvente térmica e para iso é necesario renovar o illamento de todas as fachadas, a cuberta, a iluminación e as instalacións de xeración térmica.

Ao tratarse dun edificio de 43 anos os sistemas construtivos non son os máis adecuados para as necesidades actuais a pesares das tarefas periódicas de mantemento levadas a cabo por persoal cualificado do concello que non son suficientes para garantir a calidade dos servizos e das instalacións e que xenera a necesidade de executar as tarefas descritas no presente proxecto **cuo investimento total acada os 516.051,74 €**

MUROS

Na intervención revestirase o muro de bloques de formigón polo exterior do edificio con ferros de EPS terminadas con morteiro acrílico en cor. O cerramento superior de chapa simple grecada de aceiro lacado desmontarase e será substituído por un panel de aceiro lacado.

CARPINTERÍA

Na intervención desmontarase a carpintería actual e substituirase por un sistema de carpintería con rotura de ponte térmica e dobre acristalamento laminar. Ademais proxéctase unha carpintería con sistemas



de apertura oscilobatentes que axudarán a reducir o consumo enerxético en caso de alta ocupación e necesidades de ventilación cando as condicións climáticas internas e externas o permitan, evitando neses casos a necesidade de recorrer a ventilación mecánica.

CUBERTA

Na intervención desmontarase toda a cuberta e no seu lugar instalarase un sistema de panel sándwich de aceiro lacado. Ademais incorporaranse unha serie

de claraboias parabólicas de apertura eléctrica que servirán para a ventilación do recinto, que axudarán a reducir o consumo enerxético en caso de alta ocupación e necesidades de ventilación, como no parágrafo anterior.

INSTALACIÓNS

Substituirase o sistema de iluminación interior, actuando sobre un total de 111 puntos nos que se instalarán lámpadas suspendidas e pantallas adosadas de tipo LED, co que se logrará unha mellora das prestacións lumínicas e un aforro no consumo de 59,54 %.

CLIMATIZACION

Na liña de aforro enerxético e optimización dos sistemas de climatización e iluminación instalaranse paneis fotovoltaicos na cuberta e unha caldeira de biomasa no interior do polideportivo que servirá a enerxía ao sistema de auga quente e a climatización.



Proxecto: ampliación do CPI As Mirandas

O Concello de Ares e a Xunta de Galicia asinaron un dos convenios mais esperados en base ao que se investirán uns 2,5 millóns de euros na ampliación do Centro Público Integrado As Mirandas. O Goberno galego asegura que xa está adxudicada a redacción do proxecto básico e de execución para ampliar e rehabilitar o centro.

O Concello de Ares cedera xa hai anos á Xunta os terreos necesarios para levar a cabo a ampliación das

instalacións do complexo docente de Ares. Educación creará seis aulas novas de Infantil e unha de psicomotricidade, ademais está previsto levar a cabo a rehabilitación integral do actual edificio de Primaria.

Desde a Xunta detallan que, en función do seu estado, as actuacións de rehabilitación incluírían melloras na cuberta e no illamento, así como a renovación da carpintería exterior e das luminarias, entre outros servizos esenciais.



Proxecto: novo cemiterio na Rega da Fraga

O Concello insiste desde hai anos na necesidade de abordar a construción dun novo cemiterio para Ares ante a escaseza de espazo do actual.

Na actualidade xa se formalizou a compra dun terreo de 19.500 m² en Rega da Fraga, na parroquia de Lubre, e xa está deseñada a infraestrutura e o proxecto

técnico para a ubicación do futuro cemiterio, un dos grandes retos desta lexislatura. Proxectamos a nova necrópole para a vila con 1.020 nichos e 1.224 columbarios.

O investimento será de 2.657.538 €





PLANS E URBANISMO

Investimento total: 300.000 €

Aprobación definitiva do plan xeral de Ares

O BOP do 4 de novembro do 2020 publicaba o edicto de aprobación definitiva do PXOM de Ares e a partir desta data pasou a estar vixente.

Trátase do documento que marcará a evolución urbanística do concello durante os próximos anos e que lle outorga seguridade xurídica ao municipio, ao substituír ás normas subsidiarias de planeamento municipal de 1978 por un plan moderno e actualizado.

Ares conta xa cun planeamento adaptado e acorde ao marco urbanístico vixente. Con este último paso abriuse unha nova etapa moi agardada por todos, poñendo fin a moitos anos de intenso traballo do equipo redactor do plan, estudando ao detalle o territorio que abrangue o municipio e cumprindo con todos os trámites previstos ante os órganos competentes da Xunta de Galicia e do Estado. O novo documento contribúe a completar a ordenación das áreas urbanas existentes, delimitando tres ámbitos de solo urbano consolidado e seis de non consolidado, así como a mellorar as dotacións públicas, desde o equipamento, ata a rede viaria e os aparcadoiros públicos na zona residencial e de praias, pasando polas zonas verdes (cun total de 293.654 metros cadrados reservados para espazos verdes, e outros 212.000 metros cadrados para equipamentos), así como a posta en valor da infraestrutura portuaria, pola súa función dinamizadora dos sectores pesqueiro e turístico.

Ademais, o novo documento supón recoñecer e fomen-

tar os núcleos tradicionais, potenciando o seu crecemento, o desenvolvemento de nove plans especiais e a preservación do solo rústico na liña marcada pola Lei do Solo de Galicia.

En canto ao solo urbanizable, o plan contén a creación dun ámbito destinado a usos industriais-terciarios, lindeiro con Mugardos, e unha zona de uso residencial pegada ao solo urbano de Ares, un municipio cunha evolución poboacional en evidente crecemento.

A este respecto, a capacidade residencial prevista no PXOM é dun máximo de 1.921 novas vivendas. Cabe resaltar que o PXOM supón o resultado do esforzo na defensa do interese xeral da veciñanza de Ares, desbloqueando a situación de paralización na que se atopaban os núcleos rurais coa incorporación de seis núcleos novos- Carballo, San Roque, camiño de Pedrós, Loureiro, A Rúa e Rodelas- así como a consolidación dos existentes -Alto de Simou, Pedrós, O Penedo, Maiobre, Besoxo, Lubre, Barracido, Ixobre, o Pallizo, A Malata, Carballás, A Solaina; e o novo núcleo resultante da fusión de Curmá, Mazaido, As Pezoas e o Raso; o que posibilitará que os propietarios poidan levar a cabo proxectos de construción no rural e a colocación dentro da ordenación dos que xa hai na actualidade.

Tamén se resalta que a dotación de solo para equipamentos permite a execución de infraestruturas fundamentais como é un novo centro escolar.



Proxecto: Plan especial de protección de Montefaro e Coitelada

O plan especial de Montefaro impulsado polo Concello aposta pola mellora e conservación do conxunto do espazo natural e patrimonial, regulando os usos e poñendo en valor o perímetro da zona.

A preocupación permanente polo risco de incendios levou a ter a iniciativa de intentar mantelo limpo dunha maneira ecolóxica e sustentable, por eso se introduciron cabras galaicas, raza autóctona, moi eficaces na eliminación da maleza.

As primeiras cinco cabras xa desbrozan as lomas de Montefaro na contorna da ermida da Mercé desde xuño do 2022.

O obradoiro de emprego promovido por Ares, Cabanas, Fene e Mugar dos Sirves serve como unha vía para que 10 alumnos/as-traballadores da especialidade de “Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes” leven a cabo traballos de roza como parte das súas prácticas profesionais, o que fixeron especificamente no Miradoiro da Bailadora.

Hai camiños históricos e outros que se abriron recentemente polo uso de ciclistas e peóns. No camiño que discorre polo bordo litoral existe unha área de descanso con mobiliario urbano (mesas, bancos e pa-

peleiras), cunhas magníficas vistas cara á ría. O Plan Especial abarca varios ámbitos: Acondicionamento e recuperación de camiños, establecemento de aparcamentos disuasorios, a recuperación da leira orixinal do Mosteiro de aproximadamente 8 ha., a reordenación da circulación rodada no acceso ao Mosteiro, a identificación de miradoiros/áreas de descanso, o control de usos e plantacións, prohibindo a plantación de eucaliptos, etc.

En resumo, queremos poñer en valor o conxunto de Montefaro e Coitelada para que Ares teña un amplo espazo de natureza para o desfrute do turismo e de todos os aresáns.



Proxecto: Plan da Deputación, recuperación das baterías de Montefaro e A Bailadora

A batería militar da Bailadora, en Montefaro, é unha das catro seleccionadas pola Deputación da Coruña no seu Plan de Recuperación das Baterías Militares de Ferrolterra (xunto coa de Campelo en Valdoviño e as de Cabo Prior e Monteventoso en Ferrol). Este proxecto do ente provincial conta cun investimento de 1.000.000 € para esta anualidade 2023, **dos que 300.000 € serán para Ares**. As actuacións de recuperación que se executen, en coordinación co Concello de Ares, servirán para poñer en valor o patrimonio costeiro da comarca. Preténdese ademais afianzar estes emplacementsos como enclaves turísticos, recuperando a súa memoria e a importancia do noso litoral ao longo dos últimos séculos como elemento clave na defensa do territorio.



OBRAS E SERVIZOS


Investimento total: 559.923,86 €

Camiños no parque Rosalía de Castro



A concellaría de Obras investiu na aplicación dun aglomerado especial nos camiños interiores do parque Rosalía, mellorando o anterior estado dos mesmos ademais de facelos máis accesibles para as persoas de mobilidade reducida.

A mellora executouse cun chan ecolóxico **no que se investiron 5.600 €**. O Concello puxo en valor unha vez máis o perímetro urbano deste parque que sempre atrae aos visitantes e veciñanza para desfrutar da tranquilidade ao carón do mar.



Rehabilitación do lavadoiro de Bulleiro en Lubre

A intervención recupera un lugar con interese etnográfico, en consonancia coa liña de traballo que se vén a desenvolver desde o Concello e que puxo en valor outros lavadoiros.

O lavadoiro de Bulleiro, na área de Lubre, é un espazo de considerable valor etnolóxico e cultural, asociado ademais á memoria colectiva da parroquia aresá.

As obras focalízanse na mellora dos revestimentos e acabados empregando a pedra, ademais da instalación dunha varanda de madeira co obxectivo de harmonizar a estética do lavadoiro tendo en conta o resto de elementos rurais que o circundan. Rehabilitouse o vaso do lavadoiro o que desemboca nunha mellora en termos de seguridade e accesibilidade polas accións que se acometen na súa entrada.

O goberno local pon fincapé na recuperación de lavadoiros e outros espazos moi relacionados coa memoria de Ares. Tanto o de Baixolo, recentemente rehabili-

tado, como o de Bulleiro son lugares que aínda contan con recordos e cun valor cultural que non podemos desestimar. Por iso seguiremos traballando proximamente nas súas dignificacións.

O orzamento da recuperación é próximo aos 20.000 € con cargo ao Instituto Galego da Vivenda e Solo.



Rehabilitación do lavadoiro de Baixolo en Seselle

O Concello de Ares acometeu o proxecto de rehabilitación dun dos seus lavadoiros, situado no río Baixolo, na propia contorna de Seselle, que dignificou e puxo en valor un recurso patrimonial, cultural e etnográfico, garantindo a súa conservación e fomentando o seu emprego racional.

O lavadoiro de Baixolo foi construído na época indiana, concretamente no 1926, e inclúe os elementos estilísticos que caracterizan a tipoloxía de edificacións deste momento histórico.

A estrutura supón unha homenaxe a Gaspar Vizoso Cartelle, un dos indianos aresáns que máis beneficiou

á zona, como queda recollido na inscrición gravada no escudo do lavadoiro. O espazo conta cun interese común e histórico, ao simbolizar unha organización social tradicional e mostrar os modos de vida e relacións sociais do pasado.

A intervención recuperou seccións de formigón orixinais e paraliza o proceso corrosivo derivado da humidade ambiental coa pasivación das armaduras.

O orzamento ascendeu a 23.573,86 €, financiado entre o Instituto de Estudos do Territorio (12.530,37 €) e o Concello (11.043, 49 €).



Mantemento de camiños

O Concello acometeu melloras con rego asfáltico de distintos camiños: o de Liñares en Redes, o do Outeiro en Lubre, o que une A Rúa a Ixobre, o camiño de Vigo,....

Na renovación de pavimentos e na mellora da seguridade vial **en conxunto** **investíronse 210.000 €**



Melloras de prazas e peches perimetrais


Durante a última lexislatura o Concello de Ares investiu de forma continuada no mantemento e mellora das prazas e os seus valados perimetrais, conformando espazos estéticos e adecuados ao etorno de cada lugar, todo **cun investimento de 22.500 €**



Pintura e sinalización

O Concello, atento ás necesidades da veciñanza, ocupouse da renovación da seguridade vial en todas as parroquias investindo nestas tarefas ao longo da última lexislatura un importe de 210.000 €.

Polo que respecta á ordenación do tráfico, pintura e sinalización en viais e aparcadoiros disuasorios o investimento foi de 87.850 €



Aparcadoiro na estrada de Franza

Coñecendo a necesidade de crear espazos de aparcamento e mellorar a mobilidade dentro do municipio desde o goberno municipal realizouse o investimento nun terreo na entrada principal ao centro urbano da vila co obxecto de crear un amplo aparcadoiro disuasorio que evite a entrada masiva de vehículos ao centro en épocas de grande afluencia de visitantes.

Como complemento tomáronse medidas destinando zonas a aparcamento dentro do centro urbano, reservando espazos exclusivos para residentes e deixando outros abertos para calquera vehículo facilitando así, na época estival, a mellora da vida da veciñanza pero sen prexudicar aos negocios e hostalería da vila.



Aparcadoiro na Avda. de Mugardos

Na liña de ordenar e facilitar o aparcamento na vila, acondicionáronse parcelas que se atopaban actualmente sen uso por parte das persoas ou empresa propietarias que cederon temporalmente o seu uso sen custo algún para o municipio, a cambio do seu mantemento e adecuación ao seu fin como foi o caso da ubicada na Avenida de Mugardos preto da subida ao colexio.



Aparcadoiro no Raso

Co mesmo procedemento de cesión gratuita acondicionouse unha finca no Raso, actuación que permitiu retirar todos os vehículos da baixada á praia que pro-

vocaba un embude para os vehículos que pretendían acceder ó cámping ou ó areal.



Aparcadoiro no CIRS de Cervás

Na parcela anexa ao CIRS de Cervás acondicionouse unha zona de estacionamento para poder ser utilizada, entre outras, polas persoas usuarias do centro social,

que non contaba con ningún aparcadoiro nos seus arredores.



AparcAres

Dende o 2021, entre o 1 de xullo ata o 31 de agosto, Ares pon en marcha o sistema de regulación do tráfico rodado en período estival co obxectivo de ordenar de maneira segura e racional as superficies susceptibles de aparcamento nunha época de intensa ocupación.

O Concello ampliou o número de prazas de uso libre, xunto co de aparcadoiros públicos, dentro do sistema de regulación do tráfico estival. O número de zonas brancas no núcleo urbano, aquelas que son de uso xeral, gratuito e sen restricións horarias, aumentaron ata acadar aproximadamente as 800 prazas, unhas 100 máis con respecto ao primeiro ano da súa posta en marcha.

Esta ampliación complementábase coa adecuación que realizou o Concello de dúas novas áreas de estacionamento público e gratuito, actualmente hai un total de 6 aparcadoiros no casco urbano, xunto co que se sitúa na entrada á vila (6+1), achegando unha oferta de 520 prazas de emprego libre.

A zona verde, a designada para os vehículos con IVTM en Ares, mantense nas principais rúas con 540 prazas de cara a promover unha convivencia máis óptima. Polo que respecta á zona azul, que obriga á reserva previa e ó pago, só se manteñen 165 que están ubicadas no entorno da praia do Xuncal e do Petelo (zona do club de Remo).



Mantemento de balizamentos e limpeza de praias

A limpeza das praias nestes catro anos, así como nos anteriores, foi sempre un obxectivo constante (e non só na época estival). Nestas actuacións retiráronse decenas de toneladas de lixo de todos os nosos areais, un traballo realizado polos servizos municipais cos equipos técnicos e humanos dos que dispón o Concello, mantendo así en perfectas condicións de uso as praias de Ares.

Por outra banda, en canto ao balizamento das augas instaláronse en varios dos areais da vila axeitándoos á nova normativa de seguridade e houbó, ademais, que proceder á reparación dos existentes na medida que ían xurdindo as necesidades provocadas por actos de vandalismo.

Investíronse 64.600 €



Ares cardioprotexido 3 desfibriladores para a Policía Local



A Policía Local recibiu 3 desfibriladores adquiridos polo Concello cuxa área de Seguridade organizou a xornada de formación técnica que se desenvolveu en abril do 2022, na que se impartiron coñecementos tanto de reanimación cardiopulmonar (RCP) coma de manexo dos equipos.

Tras o investimento realizado polo Concello, **que ascende a 4.000 €**, Ares dispón dun total de 5 desfibriladores semiautomáticos: 4 deles fixos : consistorio, campo municipal de Prados Vello, pavillón polideportivo e caseta de socorrismo, e un que leva a propia Policía Local no seu vehículo.

O Concello renova o sistema de lectura de contadores de auga

A mellora da xestión na medición do consumo da auga levou ao concello de Ares a comezar coa actuación de modernización dos contadores que **supuxo un investimento de 50.000 €** asumidos por fondos municipais e que conlevoa a substitución de 678 aparatos de medida.

Este proceso de modernización continuará ao longo da próxima anualidade, con novas accións planificadas na mesma liña, superando a renovación de 1.500 aparatos métricos unha vez rematen.



Actuacións en emerxencias

Nos últimos anos a vila padeceu múltiples incidentes no eido das emerxencias: incendios, accidentes e problemas derivados das inclemencias meteorolóxicas propias da nosa contorna.

Unha das mais salientables foi o encallamento do buque químico Blue Star o 23 de novembro do 2019. Coa visita de numerosos curiosos e medios de comunicación que se achegaban ao lugar e podían poñer en risco ás persoas e entorpecer os traballos de rescate (rematados co desencallamento do barco 10 días despois) o Concello de Ares viuse obrigado a realizar un despregamento de medios persoais e materiais que supuxeron un elevado gasto para ás arcas municipais.

Desde o primeiro momento, consensuado coa Delegación do Goberno nas diferentes Xuntas Locais de Seguridade Extraordinarias, púxose en marcha un dispositivo de seguridade que permitiu regular o tráfico rodado en todos os accesos á zona, así como restrinxir o paso tanto de peóns como de vehículos á zona na que se construíu unha zapata de formigón para a colocación dunha tirolina que soportara as mangueras de extracción do fuel e do combustible coas que baleirar a carga da nave e evitar un posible desastre medioambiental na nosa ría.

Para o devandito operativo requiriuse axuda ao Concello de Fene quen autorizou a presenza da súa propia Policía Local nas tarefas indicadas.



Con relación ao resto das incidencias con carácter de emerxencia, a previsión e eficacia dos empregados municipais na atención delas son evidentes: incendios, asistencia en accidentes e limpeza de vertidos e de distintos residuos derivados deles,....

Nas intervencións atendidas durante estes últimos anos **investimos 23.800 €**





Melloras dos xardíns municipais

O Concello de Ares ao longo desta lexislatura realizou melloras e atendeu con mimo o mantemento dos xardíns municipais, mellorando plantas, desenvolvendo deseños máis vistosos e agradables para o desfrute de toda a veciñanza.



Desbroces en todo o Concello

Unha das preocupacións deste goberno é investir en medios para que o parque móbil municipal sexa acorde coas necesidades municipais, en especial para ter a maquinaria axeitada coa que levar a cabo as labores de mantemento anual dos desbroces das zonas e lugares de competencia do concello.

Así conséguese que o persoal municipal manteña controlada a maleza en estradas, pistas e outros lugares de todo o Concello co obxectivo posto non soamente na estética senón na mellora da seguridade viaria.



Dispositivos durante a pandemia

O Concello de Ares, actuou rapidamente ante a situación de emerxencia provocada pola pandemia derivada da Covid 19. Dende o primeiro momento o persoal municipal desinfectou rúas, locais de negocio e edificios públicos.

Todas estas accións de limpeza e desinfección completáronse coa distribución de máscaras confeccionadas por persoas voluntarias.


O investimento nestas tarefas achegouse aos 48.800 €



Proxecto: Rehabilitación do lavadoiro de Fonte da Tella en Maiobre

Despois de rehabilitar o lavadoiro do Río Baixolo en Seselle e o lavadoiro de O Bulleiro en Lubre; continuaremos preparando proxectos para rehabilitar todos os lavadoiros e fontes do municipio. Nun futuro inmediato está a redactarse o proxecto para rehabilitar un

lavadoiro e fonte situado en Maiobre que se atopa moi deteriorado, tanto na estrutura como na cuberta así como muros e vaso. Preténdese unha vez máis poñer en valor o patrimonio etnográfico do municipio.



Proxecto: Rehabilitación do lavadoiro da Torre en Cervás

O Concello, logo de atender a demanda dos veciños de Cervás, ten previsto rehabilitar o lavadoiro da Torre.

A veciñanza recorda a súa funcionalidade como lavadoiro, lugar de tertulia e reunión e forma parte da memoria colectiva da parroquia.

O investimento previsto será de 23.000 €





IGUALDADE

IV Plan de Igualdade 2022-2026



O goberno local presentou no 2022 o IV Plan de Igualdade entre homes e mulleres do Concello de Ares, acompañados polo director do Centro de Información á Muller (CIM), facendo público un documento fundamental para coordinar a acción da institución en materia de igualdade de xénero nos próximos catro anos.

O documento configúrase como unha guía operativa que fortalece a perspectiva de xénero na actividade da institución local, incluíndo 5 áreas estratéxicas de traballo e 38 medidas específicas a adoptar.

O Plan, aprobado unanimemente en sesión plenaria por todos os representantes municipais, enténdese coma un recurso que favorece o pleno exercicio dos dereitos das mulleres e o seu acceso en condicións á vida social, laboral, educativa, cultural e económica de Ares.

Trátase, en síntese, dunha folla de ruta que ten en conta as necesidades de cada departamento municipal e a súa capacidade real para a transversalización da igualdade de xénero.

Xornadas Contra a Violencia de Xénero

Desde o ano 2008 o Concello de Ares apostou polo estudo e análise da problemática da violencia de xénero coa celebración dunhas xornadas que xa son un referente na provincia.

Desde representantes das forzas e corpos de Seguridade do Estado, pasando por avogadas ou fiscais, así como psicólogas e as propias vítimas desta lacra social, todas as partes implicadas nos procesos de asistencia social, legal e policial están representadas en case todas as edicións. Destinadas para todos os públicos, os profesionais desta rama son os asistentes máis habituais

Os obxectivos do 25 N trabállanse tamén dende a cancellaría de Igualdade e Benestar con alumnado do CPI

As Mirandas a través de diferentes obradoiros cos que se pretende outorgarlles as ferramentas necesarias que permitan non caer en comportamentos e actitudes desleixadas na nosa sociedade pero que ás veces vemos repetidas nas novas xeracións.



Día Internacional da eliminación da Violencia contra a Muller

Cada mes de novembro a comunidade educativa do CPI As Mirandas e a Concellaría de Benestar e Igualdade súmanse ás reivindicacións do 25N, Día Internacional da non Violencia contra a Muller, cunha marcha que percorre a vila e remata coa lectura dun manifesto por parte do alumnado do centro no que se incide na relevancia da unión para erradicar a lacra social que representa a violencia contra a muller.

A esta marcha únense tamén colectivos da vila e persoas particulares.



Movemento pola igualdade 8 DE MARZO

O 8 de marzo, Día internacional da Muller, a Concellaría de Igualdade e Benestar ven organizando diferentes actos de concienciación sobre unha materia de especial importancia como a que se reivindica nesta data. Unha delas é a denominada “Móvete pola Igualdade”, unha marcha pedestre rodeando o núcleo urbano da vila.

Ao longo da semana de conmemoración despréganse tamén outras actiivades como monólogos de educación afectiva e sexual, actuacións teatrais ou musicais, obradoiros e talleres....



Exposición “Nós Somos Elas”

Ares puido desfrutar da exposición fotográfica **Nós somos elas**, unha mostra composta de 24 fotografías do Arquivo Vidal, cada unha acompañada ademais cun texto dunha creadora contemporánea que visibiliza o papel das mulleres ao longo do s. XX. e que se materializou grazas á colaboración da Deputación da Coruña.





BENESTAR

Incremento dos recursos do Servizo de Axuda no Fogar

Coa sinatura do novo contrato, a área de Benestar e Igualdade, destinou a este servizo esencial 2 millóns de euros máis con respecto ó anterior ciclo, aumentando notablemente a súa capacidade económica e o equipo humano.

O SAF é un dos principais instrumentos para evitar, por exemplo, que as persoas maiores non se teñan que trasladar fóra dos seus fogares, con todo o impacto psicolóxico que iso ten. Tamén resulta clave dentro da conciliación laboral dos seus achegados e permite traballar coas familias desestruturadas, garantindo o desenvolvemento dos nenos e nenas nun contexto óptimo.

Dentro do Servizo, prestaráse atención nas actividades básicas da vida diaria, coma os apoios á mobilización dentro do fogar (erguer e deitar na cama, traslados de posición, cambios posturais...), axudas no coidado e hixiene persoal, supervisións na rutina de administración de medicamentos, axudas para o vestido, calzado e alimentación... Tamén se inclúen atencións relacio-

nadas coa vivenda, como a compra, preparación e cociñado dos alimentos ou a limpeza e mantemento da hixiene cotián e salubridade da vivenda, e de carácter psicosocial e educativo. Esta última tipoloxía céntrase nas intervencións de apoio ó desenvolvemento de capacidades persoais, convivencia e integración, mais tamén nas actividades de acompañamento e socialización.

Incorpórase a posibilidade de prestación dun conxunto de atencións de carácter complementario: servizos de axudas técnicas, de fisioterapia e de limpeza extraordinarias, tras garantir o nivel básico.

Co novo contrato do servizo poderase atender a un maior número de persoas usuarias, superando a cifra actual que ronda as 150 persoas, pero mantendo algúns requisitos básicos coma a existencia dunha oficina de proximidade, principalmente para garantir un contacto fluído entre a empresa e os implicados na prestación.



Día Mundial do Alzheimer

A casa consistorial ilumínase de verde durante a madrugada de cada 21 de setembro, coma unha forma de sumarse á celebración e apoiar a visibilización da enfermidade.

Máis o apoio do concello de Ares non só se centra nas reivindicacións sobre a necesidade de divulgala e a procura dun aumento das investigacións relacionadas con ela senón que conta, de feito, cunha unidade permanente de atención de AFAL, o Servizo Específico de Estimulación Terapéutica de Alzheimer e outras Demencias (S.E.E.T.A) desde o 2019.

Esta unidade, ubicada no local municipal da Rúa Petelo, consolídase coma unha ferramenta básica para loitar contra unha enfermidade que non ten un tratamento farmacolóxico específico e que precisa, pois, dun traballo diario relacionado coa estimulación cognitiva.



Obradoiros para coidadoras de persoas dependentes

SERVIZO DE ATENCIÓN A COIDADORAS DE PERSOAS DEPENDENTES



Es ou fuches coidadora de persoas dependentes?

Dentro do Servizo de Atención a Coidadoras levaremos a cal uns talleres nos que podes participar.

Traballaranse as seguintes contidos:

- ☐ Saúde e Autocuidado "Quen coida de nós"
- ☐ Identidade e Autoestima "Como te queres, como te sentes"
- ☐ Xestión Emocional "Emocionario"
- ☐ Corresponsabilidade Familiar "Coidar e ser coidados"

DATA DE INICIO: XOVES 17 DE OUTUBRO DE 10:30 A 13:30
NAS ESCOLAS DO LAGO

Contacta con nos a través do CIM
981 448 354



O Centro de Información á Muller (CIM) do Concello de Ares e a Fundación Mujeres –coa colaboración da Deputación Provincial da Coruña- organizan obradoiros dirixidos a coidadoras de persoas dependentes.

O obxectivo desta iniciativa, é mellorar a calidade de vida das mulleres coidadoras, excoidadoras e futuras coidadoras e promover o seu desenvolvemento persoal e social aprendendo a demandar apoio de xeito eficaz e fomentando hábitos de vida máis saudables para que as mulleres poidan exercer os labores de coidado dunha maneira máis acorde e mellorar a súa calidade de vida e o seu empoderamento persoal.

Obradoiros de lectoescritura e memoria

A Alianza Aresana acolle desde hai anos os obradoiros de memoria e lectoescritura, dúas iniciativas promovidas pola área de Benestar co foco posto nas persoas maiores de 55 anos.

En cada edición preto de 35 participantes traballan con metodoloxías de estimulación cognitiva guiados polo persoal técnico de AFAL Ferrolterra e sobre habilidades moi conectadas, a escritura e a lectura, que son tamén fundamentais para un bo desenvolvemento de ideas, pensamentos e expresión de sentimentos.



Curso de matronatación

Coa actividade de matronatación, sesións promovidas pola matrona do centro de saúde de Ares e que contan co apoio económico da Concellaría de Igualdade e Benestar, preténdese ofrecer un servizo que elimina o impacto articular, diminúe as dores corporais

durante o embarazo e favorece un desenvolvemento máis adecuado dos bebés, entre outros beneficios.

Os cursos impártense no Complexo Acuático do Castro desde o mes de maio do 2021.



Formación para o uso dos teléfonos móbiles intelixentes

A Casa da Xuventude de Ares acolle as sesións dos cursos de iniciación ao emprego do smartpho-
ne promovido pola concellaría de Benestar.

Unhas 40 persoas por curso reciben as ferramentas necesarias para un coñecemento cada vez máis necesario do contexto dixital, máis aínda tras a pandemia, a través dunha metodoloxía de traballo dinámica e adaptada ao ritmo de cada un.

Nas sesións, os contidos enfócanse ao acendido e apagado do teléfono móbil, a súa conexión á red WiFi e outros axustes básicos. Os cursos inclúen tamén ensinanzas sobre o emprego da aplicación do SERGAS, como facer xestións na banca electrónica, aprender a navegar por Youtube e Google Maps...

Que a iniciativa estea destinada ós maiores de 55 anos non é casual, senón que responde a unha necesidade xeralizada para que poidan aprender nun contexto amable cuestións básicas dos seus terminais, mellorando o control das súas accións nos propios teléfonos móbiles.



As viaxes dos nosos maiores

A nosa veciñanza de máis idade desfrutou, tras o remate das restricións derivadas da pandemia dunha viaxe ás festas do San Froilán en Lugo.

A habilitación de bus para o traslado facilita este tipo de saídas a moitas das persoas, que doutro xeito, non poderían achegarse a desfrutar das festas populares doutras vilas ou cidades como por exemplo, a festa do marisco do Grove, destino ao que a concellaría de Benestar tamén organiza visitas.



ConciliAres


Todos os veráns ponse en marcha CONCILIARES, o servizo municipal que fomenta a conciliación laboral e familiar durante os meses de xullo e agosto, consolidándose como un dos principais instrumentos da localidade para axudar ás familias co coidado dos máis pequenos.

Máis de 50 nenos e nenas da vila (de entre 3 e 12 anos) disfrutan durante as mañás de cada verán das actividades que conforman o proxecto do servizo baseado no contacto coa natureza e coa súa contorna, coñecendo a súa vila e os seus espazos.



O Concello dona equipamento informático ó CPI As Mirandas

A Concellaría de Benestar, facéndose eco das carencias de equipamento informático que presentaba o alumnado do CPI As Mirandas, e que se puxeron de manifesto durante a pandemia derivada da Covid 19, cando se viron obrigados a recibir as súas clases on line, entregou 15 tablets con teclado para que se destinen aos nenos e nenas que as precisen para os traballos de aula e o seguimento das súas clases. Esta actuación, financiada a través do POS Social da Deputación da Coruña, complementouse con actuacións de mellora da conectividade e recursos do alumnado, coa inclusión de 5 dispositivos Mifi (unha rede móbil que proporciona acceso a Internet ata a dez dispositivos).



Agasallos de Nadal para a rapazada

A Concellaría de Benestar organiza a campaña de apoio para costear a compra de agasallos de Nadal ás unidades familiares en situación de vulnerabilidade económica.

Estas axudas, destinadas a familias residentes con fillos/as a cargo permítenlles afrontar a compra de xoguetes, cds, libros, roupa deportiva, artigos de deporte ou calqueira material ou instrumento relacionado coas novas tecnoloxías para entregar na festividade de Reis, co fin de que ningún neno ou nena da vila quede sen agasallo nesa data tan sinalada.



Nace a xunta local de Ares da Asociación Española contra o cancro

Da man de persoas voluntarias da vila, con María Ángeles Riveiros coma presidenta, naceu no 2022 a xunta local de Ares da Asociación Española contra o Cancro.

A Concellaría de Benestar cedeulle un local municipal para poder desenvolver o seu traballo a prol da diminución do impacto do cancro na sociedade incluíndo accións de asesoramento e axuda para establecer hábitos que reduzan os seus riscos ademais das necesarias recadacións de fondos para investigación.



Convenio co Patronato Concepción Arenal

O Concello de Ares formalizou a cesión temporal dun espazo municipal á Asociación Patronato Concepción Arenal que lle permitirá centralizar as actividades lúdicas e formativas que realicen na vila, focalizándose no fomento da interculturalidade e a participación cidadá, así como nas necesidades das persoas migrantes da localidade.

Proba desas actividades foron o encontro “Ollada Migrante” ou a celebración do “Día de las velitas”.



Solidariedade co pobo Ucraniano

A solidariedade da veciñanza da vila de Ares é unha das súas características e o Concello non podía menos que impulsar e organizar as actividades de apoio ao pobo ucraniano ante o ataque do seu territorio por parte de Rusia.

Así entre esas accións promovidas polo ente municipal estiveron unha concentración na entrada do consistorio, a iluminación da fachada do consistorio coas cores azul e amarela da súa bandeira, a campaña de recollida de produtos e fondos económicos, o acto de solidariedade ao pobo ucraniano na praza da Constitución, a viaxe á fronteira con Polonia para entregar víveres e medicamentos, e a acollida de 3 familias na vila coa colaboración de veciños e veciñas que lles cederon vivendas.



Programa Vacacións en Paz

O establecemento da nova normalidade, tendo en conta as circunstancias sanitarias a nivel nacional e autonómico, permitiu recuperar actividades con fonda tradición como o Programa Vacacións en Paz froito da colaboración dende hai máis de 15 anos entre o Concello e a organización sen ánimo de lucro Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS).

Este convenio facilita a acollida e integración de nenas e nenos saharauís procedentes de campamentos de refuxiados en Tindouf, Alxeria.

Nesta colaboración, a Concellaría de Igualdade e Benestar comprométese a realizar un aporte económico para que as crianzas poidan pasar dous meses de verán en Ares, evitando os períodos de xullo e agosto nos campamentos con temperaturas máis altas e perigosas. Tamén supón aproveitar o marco afectivo que existe entre os saharauís e España, unidos por vencellos históricos, culturais e humanos que facilitan o entendemento e a comunicación.



TURISMO



Ares desde o Mar, Ares Azul

O programa “Ares desde o Mar” ten como finalidade coñecer, explorar e percorrer os principais puntos costeiros do municipio.

A posta en valor do patrimonio litoral e a divulgación da cultura mariñeira son os dous eixos da iniciativa.

Entre as actividades do programa están as rutas turísticas en barco a bordo do pesqueiro M. Presas que percorren a costa de Ares e que están dispoñibles entre os meses de xuño e setembro.

Os paseos inclúen a visita aos principais atractivos costeiros de Ares, como as rochas das Illas das Miran-

das, o Mourón ou o porto de Redes, amais de estar imbuidos da esencia pesqueira e mariñeira: nasas, aparellos para a pesca, etc.

Este servizo de rutas marítimas é un dos eixos da planificación que promove a Concellaría de Turismo baixo o nome de “**Ares Azul**”, unha liña de traballo centrada en divulgar o enorme valor e impacto do eido marítimo na propia localidade. Desde as praias ata elementos urbanísticos como o paseo da vila, “*Ares Azul*” explora a identidade litoral e ponse en relación cos roteiros de sendeirismo impulsados en colaboración con outras áreas municipais, neste caso o “*Ares Verde*”.



Portada virtual do Mosteiro de Santa Catalina

O estudo histórico e a recreación visual da portada gótica do cenobio do Mosteiro de Santa Catalina, catalogado como Ben de Interese Cultural (BIC), impulsado polo Concello de Ares, permite contar, a través de contidos visuais e textuais cunha imaxe aproximada dos elementos decorativos da fachada e achegarse á evolución estética do inmore relixioso.

As historiadoras María Luz Ríos e Dolores Fraga, e os arquitectos Mario Crecente e Rubén Santiago, autores do estudo, expuxeron as conclusións e resultados dunha investigación transversal, a cabalo entre o eido arquitectónico e o histórico.



Ares na Feira Internacional de Turismo

Ares está presente na Feira Internacional de Turismo que cada ano se celebra en Madrid.

A través da Mancomunidade de municipios de Ferrolterra, dánse a coñecer os recursos do xeo destino Fe-

rolterra-Rías Altas, baseado na oferta turística de natureza, entre os que o Ares Indiano ou os roteiros de sendeirismo ou polo mar, son algúns dos recursos da nosa vila postos en valor ante o público alí asistente.



Ares divulga en Equiocio a riqueza turística e patrimonial da súa contorna

A Concellaría de Turismo, en colaboración coa área de Cultura, xestionou neste dous últimos anos a posta en marcha dun stand propio nas instalacións do certame de hípica de Equiocio, situado en Covas, para promover o proxecto turístico da localidade baixo o xeodestino de Ferrolterra-Rías Altas.

No stand expúxose a importancia do eido mariñeiro no municipio, ademáis do valor do seu patrimonio indiano e as conexións socioculturais existentes na localidade co proceso da emigración cara as Américas, inscritas nas programacións de Ares Ultramarino e Ares Indiano.

Ares está presente nun certame coma Equiocio, co fin de estreitar vínculos con outros municipios e co tecido deportivo da comarca.



A Serea das Mirandas

A ornamentación das vilas e a colocación de elementos decorativos que as embelezan, convirte na maioría dos casos a estes elementos en recursos turísticos aos que as persoas que as visitan acuden para testemuñar o paso por elas.

Nesta liña, xa iniciada no 2007, acaba de inaugurar-se unha nova escultura colocada no núcleo urbano de

Ares: a famosa Serea das Illas Mirandas repousa sobre unha das históricas ramplas do paseo marítimo para recibir a toda a veciñanza e turistas que desexen coñecer a súa lenda.

A serea xa é unha parte máis da identidade de Ares: unha figura que reforza o vencellamento do municipio co litoral e co mar.



Novos documentos informativos sobre recursos turísticos municipais

A Concellaría de Turismo ten como obxectivo fundamental a posta en valor e difusión dos recursos turísticos da nosa vila. Dentro desta función nos dous últimos anos levouse a cabo un traballo de elaboración, actualización e impresión de máis de 30.000 folletos

informativos que se reparten tanto na oficina de turismo municipal como nas da nosa contorna, promovendo o coñecemento dos nosos lugares e espazos máis característicos.



Novos servizos na oficina de Turismo

A oficina de Turismo atendeu coma cada ano desde xuño a novembro, aos visitantes e turistas na caseta de información, levando a cabo ademais iniciativas de dinamización social e turística, como é o caso das VISITAS GUIADAS por lugares de interese patrimonial como o Mosteiro de Santa Catalina ou o Alboio de Quinín.

Iniciado no 2007 “Bicicletares”, o SERVIZO MUNICIPAL DE ALQUILER DE BICICLETAS, que fomenta vías alternativas de mobilidade pola contorna de Ares. A caseta é o lugar onde se centraliza a inscrición e recollida e o depósito das bicicletas, que contan con diferentes tarifas de aluguer.



COMERCIO



Axudas ó tecido empresarial, comercial e hostaleiro afectado polos peches derivados da pandemia



O Concello de Ares foi un dos primeiros concellos da contorna que abonou as axudas que con fondos propios convocou para aliviar as consecuencias dos peches de pequenas e medianas empresas derivados da pandemia provocada pola Covid 19.

Foron 40.000 euros os que se puxeron a disposición do tecido empresarial local para sufragar gastos de funcionamento da súa actividade. Máis de 70 negocios solicitantes foron beneficiarios destas axudas locais.

Posteriormente o Concello solicitou a liña de subvencións convocadas pola Deputación da Coruña baixo o programa denominado PEL-REACTIVA, destinadas a persoas autónomas e microempresas do municipio cuxa actividade se vise afectada polo mesmo feito.

Xa no 2021, o Concello de Ares aprobou a súa adhesión

a un convenio de colaboración coa Xunta de Galicia para completar as axudas, neste caso ao sector da hostalería ubicada en Ares, previstas no Plan de Rescate da administración autonómica.

Este convenio supuxo que o Concello achegara con fondos procedentes das arcas municipais, 1.000 euros a cada local hostaleiro que, tendo solicitado as últimas subvencións lanzadas pola Xunta para o sector da hostalería, non resultasen beneficiarios daquelas por esgotamento de crédito, aínda que cumprisen os requisitos para poder selo.

A adhesión permitiu que ningún dos negocios de hostalería local, solicitantes das axudas ó Plan de rescate autonómico para o sector, quedase sen apoio económico pola insuficiencia dos fondos autonómicos.

MercAres promover o consumo de proximidade

O obxectivo desta acción nacida no ano 2020 é fomentar a compra na hostalería e comercio local, nunha colaboración entre o Concello e os negocios aresáns.

A campaña, que xa vai pola terceira edición, acadou un rotundo éxito de participación, tanto entre os negocios participantes como entre os clientes. Cun orzamento inicial de 4.500 €, para distribuír entre os vales premiados, na edición do 2022 xa repartiu 6.000 €.

Así, por cada compra superior a 10 euros nun establecemento adherido á campaña de apoio, o cliente recibe un dos rascas e, se resulta premiado, deberá gastar a cantidade recibida en calquera dos locais de hostalería e pequeno comercio participantes no MercAres. A idea fundamental é que se constrúan fluxos de consumo que redunden en última instancia nos negocios e ciclos productivos aresáns.



Ares Ultramarino - Academia do Mar

O Concello, dentro do seu proxecto 'Ares Ultramarino', en colaboración co GALP Golfo Ártabro, ofreceu iniciativas para formar á hostalería.

As áreas de Comercio e Cultura do Concello puxeron en marcha a Academia do Mar, a través da que puxeron a disposición de emprendedores, empresarios ou empregados do sector hostaleiro os tres cursos formativos, barista, escandallo e optimización de menús e conservación de produtos para preparar comida para levar.

As formacións impártironas dúas figuras do sector con experiencia na docencia de hostalería. Alberto Pita, profesor de Hostalería e Turismo da Xunta e asesor para a montaxe de locais de bar, cafetería e restaurante, dirixiu o primeiro curso e Miguel Silvarredonda, colaborador en departamentos de I+D en empresas alimentarias e docente de cociña, coordinou os dous últimos.

Un showcooking, aberto tamén á cidadanía interesada en coñecer con máis profundidade as técnicas de preparación e cociñado do peixe local, desde a escolla do corte ata a súa preparación, completa a actividade da Academia.

Dentro da organización do evento, houbo unha primeira parte dedicada á información e formación, máis tamén unha demostración práctica da preparación do peixe seleccionado ese mesmo día na lonxa. Posteriormente, os pratos cociñados foron degustados polas persoas que asistiron ao acto.



DegustAres, o roteiro local dos pinchos

A hostalería de Ares dispón dun espazo para amosar o valor gastronómico dos seus pinchos dentro da iniciativa do “DegustAres” que dinamiza ademáis a súa actividade nos meses de menos afluencia de visitantes na vila.

Esta actividade supón que turistas e veciñanza poidan catar diferentes tapas nos locais colaboradores da iniciativa, que compiten pola maior puntuación dos clientes.

De cara a motivar a participación, o concello habilita premios tanto para clientes como para os establecementos colaboradores que alcanza os 1.700 euros.



MEDIO AMBIENTE



O Concello dispón dun vehículo que fará de punto limpo móbil na localidade

Cun investimento de 86.910 €, a través dunha subvención da Xunta con cargo aos fondos NextGeneration da Unión Europea, este punto limpo móbil mellorará o servizo de tratamento dos residuos, achegándoo máis directamente á veciñanza.

O vehículo permitirá recoller residuos especiais coma pequenos electrodomésticos, pilas e baterías, lámpadas, calzado, roupa ou aceites minerais e vexetais.

A través desta acción, a localidade aresá contará cun novo equipo que achegará maior versatilidade, ao poder trasladar o tratamento de residuos especiais ás parroquias do municipio ou colocalo en determinados eventos e/ou actividades de especial interese.





Avifauna de Ares

A avifauna de Ares foi obxecto dun estudo promovido polo Concello.

O documento identifica 155 especies de aves silvestres con presenza na contorna aresá, 6 delas incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

Identifican tamén espazos de interese ornitolóxico dentro do municipio, as Illas Mirandas, a praia de Ares, o espazo da Xunqueira e a área que abrangue desde o areal da Barrosa ata Punta Coitelada.

O estudo permite tomar decisións sobre a conservación deste patrimonio natural e complementar actuacións que xa están en marcha de alimentación, hidratación e acubillo de aves en diferentes espazos municipais (Parque Rosalía, casa do Concello, ...)



Proxecto Ces

A implicación do voluntariado, xunto coa colaboración da clínica veterinaria San Antonio e o Concello, permiten a consolidación do programa de “Captura, Esterilización e Solta” (CES).

A iniciativa vén de dar un paso máis na identificación das colonias felinas da localidade, coa súa sinalización e divulgación de boas prácticas.

O proxecto CES (Captura, Esterilización e Solta) posto en marcha no 2016 continúa a dar pasos para consolidarse coma unha iniciativa que perdure ao longo do tempo. O CES desenvolveu nos seus máis de seis anos de percorrido distintas dinámicas de supervisión da poboación felina. A última novidade do proxecto: a colocación de carterais de identificación para cada colonia de gatos espallada polo municipio, xunto con sinais divulgativos de boas prácticas para toda a veciñanza.

Desta maneira, o CES focalízase actualmente no mantemento, mellora e ampliación das infraestruturas que se foron creando paulatinamente ao longo da localidade; uns

espazos, as colonias felinas, que serven de lugares de referencia para o control dos gatos e tamén coma puntos centrais de alimentación.

A tarefa dos voluntarios e voluntarias é clave para garantir o bo funcionamento destas colonias, ao levar o peso do seguimento e supervisión dos seus felinos.



Campaña de concienciación sobre a recollida de deposicións dos cans

A área de Medio Ambiente puxo en marcha unha campaña de concienciación destinada ás persoas propietarias de mascotas para promover boas condutas e garantir unha mellor convivencia naas rúas e parques do municipio.

Implica a colocación de novas sinalizacións en espazos verdes e o reparto gratuito de dispensadores de bolsas para excrementos das mascotas.



CULTURA

Ares Indiano

O Ares Indiano confírmase como o gran evento cultural, lúdico e festivo do noso Concello nunha aposta pola recuperación da nosa memoria migratoria coas escolas de instrución como vértice das actuacións de divulgación e difusión da pegada indiana na nosa vila.

A quinta edición do evento, última celebrada, ratificou o éxito acadado nas anteriores, a pesares de que as do 2020 e 2021 non se desenvolveran baixo condicións normais debido á pandemia da Covid19. Así e todo non deixou de celebrarse, substituíndo actividades e propoñendo opcións máis axeitadas á situación, reducindo aforos e programando en pequeno formato.

O abano de actividades que integran o evento agluti-

nan, coa colaboración de entidades e asociacións locais, a música, a danza, o teatro, os roteiros culturais, a divulgación histórica a través de exposicións, seminarios e publicacións que recoñecen a importancia social dos migrantes na vila e a súa contorna, todo iso complementado cun mercado de produtos artesanais que transforma a nosa vila cada terceira fin de semana de agosto.

A incorporación de Ares na Rede de municipios Indianos do Cantábrico no 2019 (Comillas, Balmaseda, Boal, Ribadedeva, Pradoluengo, Medio Cudeyo e recentemente Ribadeo) supuxo un grande impulso ao proxecto de recuperación e divulgación desta parte da nosa historia.



Quinto premio de animación á lectura “María Moliner” para a Biblioteca Municipal

O equipo responsable da Biblioteca Municipal, acadou 5 dos premios “María Moliner” de animación á lectura convocados polo Ministerio de Cultura (2016, 2017, 2020, 2021 e 2022), unha distinción que supón recibir contías económicas para a adquisición e mellora dos seus fondos bibliográficos.

A reiterada obtención deste premio é tamén un recoñecemento público á labor constante da biblioteca aresá nas tarefas de animación á lectura da veciñanza, á integración e dinamización social na comunidade e á eficiencia na xestión bibliotecaria.



Habilitado o cuarto de contos nas Alianzas

A infancia aresá conta desde hai un tempo cun espazo divertido e axeitado onde poder ler ou escoitar os seus contos e libros preferidos sós ou en compañía das súas familias.

Tanto o cuarto como o acceso desde o interior da bi-

blioteca están decorados con motivos divertidos que recrean historias infantís cun espazo reservado para o mural que rinde homenaxe á escola de instrución para a que se construíra este edificio.



Certame de Novela Curta “ALÉN”

O goberno municipal aposta firmemente pola recuperación e posta en valor da nosa memoria e cultura.

Coa confianza que a editorial coruñesa Hércules, depositou no concello de Ares lanzouse a convocatoria da primeira edición do Certame de Novela Curta “ALÉN”, cuxo gañador poderá ver publicada e distribuída a súa novela ademais do premio económico co que está dotado. As novelas participantes deberán incluír algunha referencia á emigración galega.



Presentacións literarias

Desde hai tempo a Concellaría de Cultura aposta por darlle acubillo no salón de actos da Biblioteca Municipal a autoras e autores, noveles ou xa consagradas, permitindo que dispoñan de espazos e axuda para a difusión e divulgación das súas obras ás que asisten as persoas que serán potenciais lectores aos que se lles ofrece igualmente unha forma sinxela de acceder á literatura e ás persoas creadoras.

Na vila presentáronse novelas case autobiográficas como “Sándalo” de María Xosé Porteiro, pasando pola poesía en “Teorías do Fin” de Antonio Seijas, os mundos fantásticos de “Siervos de Tinta” de Pablo Rañales, a escritura reivindicativa coral de “Libres e Vivas”, a memoria histórica democrática con “Romanza de los Naranjos en flor” de Juan Galán, as reflexións sobre o noso interior de Jon Rodríguez ou as historias de intriga de Mabel Espiñeira e as súas triloxías.



Concurso infantil e xuvenil de microrrelatos

A rapazada aresá ou os matriculados no CPI As Mirandas poden participar neste concurso de microrrelato curto posto en marcha en colaboración co Concello de Ares. Nenos e nenas de entre 10 e 18 anos participan nesta actividade exitosa desde a súa primeira edición e que amosa a capacidade literaria e de síntese de ideas da nosa mocidade.

Máis de 100 participantes en cada edición, permite augurarlle un proveitoso e longo futuro a este concurso.

“Ollos de sangue” e “Xaula mental” foron os títulos dalgunha das creacións gañadoras nas que salientou a súa creatividade e orixinalidade da temática, a claridade da mensaxe e da estrutura, o ritmo xeral da historia, os trazos estilísticos na escrita e mesmo a visibilización de temáticas sociais como foi a saúde mental.



Día do libro

A programación cultural do Concello de Ares non esquece a conmemoración do Día Internacional do Libro. Cada ano ao redor do 23 de abril, lévanse a cabo varias actividades para poñer en valor a necesidade da lectura para o desenvolvemento cultural e social da sociedade.

Campañas como “LIBROS PARA SERMOS LIBRES”, actividades virtuais como “ESTE ANO ACONSELLAS TI”, contacontos, obradoiros e mercadillo de libros de segunda man dotan de contido a semana do ano máis chea de letras.



Día de Rosalía

Outra das actividades nas que a Concellaría de Cultura colabora co CPI As Mirandas é a conmemoración do nacemento de Rosalía de Castro o 23 de febreiro. Nos últimos anos prepáranse diversas accións que buscan a implicación de todos os colectivos: lectura pública continuada da súa obra, teatralización dos seus poemas, música, concurso de debuxo infantil...



Incorporación á Rede de normalización lingüística

A implantación do servizo de normalización lingüística no concello de Ares hai dous anos, permitiu entre outras cousas, a incorporación na Rede de normalización lingüística que busca favorecer a colaboración e acción conxunta e coordinada entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e as entidades locais integradas nela, que permite intercambiar experiencias e sumar esforzos, entre diferentes administracións que actúan na promoción do uso da lingua galega.

Ao seu abeiro organizáronse exposicións, como a denominada “Cantámola”, actuacións teatrais como a de Paco Nogueiras ou musicais coa presenza de MJ Rodríguez.



Concurso de Fotografía Xuvenil

A Concellaría de Cultura organiza desde hai 6 anos o Concurso de Fotografía Xuvenil co que quere motivar á xuventude a mirar a contorna local para atopar, a través dos espazos e as imaxes, conexións coa memoria colectiva de Ares e a súa propia identidade persoal.

A cita conta sempre coa colaboración do CPI As Mirandas, que organiza actividades paralelas para motivar e axudar á rapazada na misión de fotografar o que lles interesa. A herdanza e a memoria colectiva cobran especial relevancia nos obxectivos do concurso, ao convidar á xuventude a recoñecer e atopar ambos conceptos no seu contexto, nas paisaxes aresáns ou nos espazos e obxectos que forman parte das súas identidades persoais.

As fotografías gañadoras pasan sempre a formar parte do calendario do Concello de Ares, co que se pecha o círculo do Concurso.



Concurso de pintura Manuel Rebón

Coma ven sendo habitual, o concurso de pintura Manuel Rebón invita a artistas de todo o territorio nacional a achegar as súas obras, de temática libre e realizadas coa técnica de óleo ou acrílico.

Este certame artístico xa vai pola súa décimo quinta edición e pervive grazas ao impulso da concellaría de Cultura e o apoio do CIRS de Cervás e da familia do homenaxeado, Manuel Rebón, veciño de Cervás, moi involucrado na vida social e cultural da súa parroquia e un gran apaixonado da pintura.

Obras chegadas desde Valencia, Ponferrada, Cantabria, Asturias e por suposto de Galicia, son algunhas das gañadoras dos últimos anos desta cita imprescindible do mes de setembro que reparte máis de 2.000 euros en premios (a dotación do premio foi incrementándose paulatinamente, acadando na edición do 2022 o seu maior importe).



Unha vila apaixonada pola música



A veciñanza que xa teña unha idade, e boa memoria, lembrará que Ares foi e segue a ser unha vila na que a música forma parte da súa idiosincrasia.

Recollendo esta característica da sociedade aresá o Concello de Ares impulsa e apoia a vida musical da vila, ben programando actuacións musicais de todos os estilos ben colaborando coas agrupacións musicais que desenvolven o seu traballo en Ares.

Exemplos son o concerto da Banda xuvenil da Orquesta Sinfónica de Galicia, a homenaxe a Gildo Illobre que trae cada verán a música coral rondallista da man de quen foran os seus compañeiros, Trovadores de Ares.

Precisamente a Rondalla Trovadores é sempre un dos grupos participantes no festival de Panxoliñas que se celebra na Igrexa parroquial de San Xosé. A eles súmase a banda AC Xábrega, a escola de música Laura Morgade, o Coro Parroquial e últimamente a agrupación Son de Troula.

Recentemente e tratando de atraer ao público máis novo, convocouse a I Batalla de Galos, na que 8 “requeifeiros modernos” loitaron coa súa improvisación polo primeiro premio.

Exposicións

A inqueda cultural da vila amósase tamén na gran acollida que teñen as exposicións en Ares, non só as impulsadas pola concellaría de Cultura como *Nós tamén fomos emigrantes*, *Galicia en Foco*, as *Baterías de Costa* ou *Mulleres na Ciencia*, senón as propostas pola propia veciñanza sobre todo no que ten que ver coa pintura, escultura e fotografía.

Os espazos habilitados na Casa da Xuventude e no Mosteiro de Santa Catalina de Montefaro, acollen o traballo de particulares e institucións que merecen repercusión pública.



Conservación das nosas tradicións

Os Concellos de Ares e Mugardos colaboran desde hai tempo na organización do **VOTO DE CHANTEIRO**, unha romaría que congrega cada ano a centos de persoas chegadas de diferentes puntos da comarca coa fin de honrar á Virxe da Mercé e degustar, tras a misa na ermida, empanada e viño.

Unha das tradicións máis arraigada e fermosa da vila é a Festa de interese turístico de Galicia, **ALFOMBRAS FLORAIS** que elabora a veciñanza o domingo seguinte ao xoves do Corpus.

Esta manifestación de arte efémera coñecida en todo o territorio nacional congrega a varias xeracións na noite da súa elaboración pero tamén a centos de veciños nos traballos previos de recollida e preparación de materiais. O Concello de Ares, en colaboración coa Asociación de Alfombras Florais de Ares, impulsa e organiza as actuacións.

Mesmo durante os anos de pandemia, na que as xuntanzas non estaban permitidas, non se deixou de celebrar a festa, esta vez de xeito vertical, adornando balcóns, fiestras e ventanas de vivendas e negocios con elementos florais, **CONCURSO DE DECORACIÓN**, que aínda xa en nova normalidade, mantense pola súa grande aceptación.



Celebracións populares

O ENTROIDO é unha das actividades colectivas coas que empeza o ano aresán. Os nenos e nenas pero tamén as persoas adultas disfrutan dunha celebración con arraigo na vila.

En colaboración coa SC O Tilo, cada mércores de Cinza, celébrase a festa na que se realizan sorteos entre as persoas disfrazadas, actividades musicais, xogos e o xa tradicional reparto de orellas e chocolate quenteño, moi necesario para poder acudir ao remate da tarde á



praia urbana a queimar o Entroido.

O **SAMAÍN** combinado co **MAGOSTO** estase a converter tamén nunha das actividades de maior afluencia do ano.

O reparto de castañas acompañado con xogos populares e atraccións para a rapazada complementase coas figuras a tamaño real que a SC O Tilo elabora cada ano para o disfrute de todos, ademais do concurso de decoración de cabazas.

A agrupación de voluntarios Ares Solidario colabora intensamente cos Magostos municipais aos que dota dun cariz de solidariedade con diferentes causas sociais



A visita de Papá Noel e das súas Maxestades de Oriente a todas as parroquias de Ares, xa é outra das tradicións do **Nadal**.

As dúas pequenas cabalgatas polas rúas da vila e as correspondentes recepcións posteriores enchen de ledicia a maiores e pequenos que teñen a posibilidade de ter un trato directo con tan insignes personalidades.



Colaboracións coas entidades culturais da vila

Durante estes últimos anos a Concellaría de Cultura colabora proactivamente coas sociedades culturais das parroquias do municipio (CIRS de Cervás, Agrupación Instrutiva de Caamouco, CC Outeiro de Chanteiro e Casino Aresano), achegándolles subvencións económicas que permitan cubrir parte dos gastos das súas actividades tanto ordinarias como puntuais, (Lume no Castelo, Festa da Cabria, Festa do Ourizo, do Percebe, do Langostino...)

Máis o resto das entidades e agrupacións relacionadas coa cultura na vila de Ares teñen sempre á súa disposición o apoio loxístico e económico do Concello, como as comisións de festas de San Roque de Ares, San Pedro de Cervás, Carmen de Redes, Carmen de Ares (ata a súa desaparición no 2020), Rosario de Lubre ou A Mercé de Chanteiro.

Tamén reciben este apoio económico, loxístico e técnico o Grupo de Teatro A Cova do Trasnó, a AC Xábrega, o Grupo de Gaitas Aresán, SC O Tilo, Anpas do CPI As Mirandas e Galiña Azul, Asociacións de Amas de casa, Banda de Gaitas Ría de Ares, Confraría do Nazareno, Asociación de fotografía Ferrolterra, Asociación de amigos de Santa Catalina de Montefaro, Rondalla Trovadores e grupo de baile Areas do Mar.



Programa VeraneAres

Ninguén pode negar que o verán are-sán é frenético en canto a actividades lúdico culturais se refire.

Festas populares, charlas literarias, concertos, teatro, exposicións... a localidade dinámizase con propostas para todos os públicos organizadas polo propio Concello ou polas entidades aquí radicadas.

O programa Veraneares desenvólvese entre os meses de xuño e setembro e cada ano conta con maior número de actividades.

As estrelas do programa son o mercadillo de segunda man e o cine de verán que cada ano congregan a un maior número de asistentes.



Viaxes lúdico-culturais

A Concellaría de Cultura organizou nestes últimos anos saídas do municipio de carácter cultural e lúdico tentando así facilitarlle á veciñanza a posibilidade de asistir a eventos ou lugares que de xeito colectivo optimizan o tempo e o custe.

Unha delas foi a viaxe **Lánzaste con nós**, ao concello da Pontenova (Lugo), destinado á mocidade. Alí coñeceron todo un complexo histórico e recreativo ao aire libre marcado pola aventura, rematando co lanzamento nunha tirolina de 300 m. de longo e 80 m. de alto. Un espazo integrado na natureza que permitiu coñecer o pasado mineiro do concello da Pontenova, mesturando a historia coa diversión ao aire libre. Propúxose á rapazada un lanzamento desde a tirolina máis longa de Galicia como remate do pequeno roteiro sendeirista e cultural - a ruta dos Fornos- que lembra a activi-

dade dos fornos de calcinación de ferro que existían na localidade.

Outra das saídas organizadas polo Concello leváronse a cabo dentro da iniciativa lanzada polo Centro Dramático Galego para facilitar o acceso e desprazamento da veciñanza a Santiago de Compostela para asistir á obra teatral **"A Peste"**, dirixida e asinada por Cándido Pazó.

Posteriormente a viaxe foi a Cedeira para ver a representación da obra de teatro moderno **"As oito da tarde de cando morren as nais"**

No mes de xullo do 2022 a rapazada máis nova volveu ser a destinataria da saída ao parque acuático de Cereda. Barcos, piratas, tobogáns, sol e moita diversión nesta proposta.



Veciñanza solidaria

O Concello de Ares recoñeceu públicamente o xesto de solidariedade de moitos veciños e veciñas que permitiu que a veciñanza de Ares e incluso do noso arredor poidese ter as máscaras que tanto escaseaban naqueles inicios da pandemia.

13.000 máscaras foron confeccionadas polas mans e máquinas de todos e todas elas.



Renovación da imaxe do Agasallo Institucional

A Concellaría de Cultura, recibiu en febreiro do 2022 o novo deseño do obsequio corporativo do Concello, un encargo elaborado polo premiado artista local Antonio Seijas, con acrílicos sobre lenzo, posteriormente capturado e editado en fotografía para facilitar a impresión.

Así o ente municipal amplía a súa colaboración con Seijas, que xa realizara previamente deseños artísticos nesta liña, co obxectivo de axudar na renovación estética da institución.

Na composición, a Illa das Mirandas cobra especial relevancia, considerándose un espazo da paisaxe con valor simbólico con elementos que resumen a identidade de Ares.



EMPREGO



Programas de fomento do emprego

A través da Concellaría de Emprego, foron **contratadas** nos últimos catro anos, máis de 100 persoas. Foi posible grazas á obtención de axudas e sinaturas de convenios coas administracións competentes en fomento e creación de emprego.

Programas como **Aprol** rural da Xunta de Galicia, **PEL** Emprego da Deputación da Coruña, programas de axuda a vítimas de violencia de xénero do Ministerio de Igualdade ou para as persoas perceptoras do Risga.

Como Concello membro da Mancomunidade de muni-

cipios de Ferrolterra, a veciñanza aresá pode participar nos **PIES**, os Programas Integrados de Emprego, para recibir as ferramentas necesarias que lles permitan unha mellor empregabilidade e, en consecuencia unha mellor inserción laboral.

Así mesmo desde a entidade da Mancomunidade ofrécese formación gratuita para a obtención dos certificados profesionais de **socorrismo e monitor de surf**, ocupacións nas que existe unha grande demanda e pouca oferta.

Obradoiros de emprego

Ao abeiro da Consellería de Emprego e xunto cos concellos de Mugardos, Cabanas e Fene, o Concello de Ares forma parte da organización dos obradoiros de emprego nas súas dúas modalidades: xuvenil e ordinario.

Denominados Re-inicia, os obradoiros son consecuencia dun esforzo común que conseguiu formar a día de hoxe a máis de 250 persoas que ademáis de recibir para obter o certificado de profesionalidade da súa especialidade que lle permita logo exercer a profesión no mundo laboral, perciben un salario durante doce meses.

As especialidades elixidas son habitualmente tubaxe, carpintería e moble, atención sociosanitaria ou peón forestal cunha alta inserción laboral.





DEPORTES



Programa: Escolas deportivas municipais (ata 14 anos)

En paralelo co calendario escolar e dirixido á poboación escolar ata os 14 anos, o programa de escolas deportivas municipais posibilita o achegamento da rapazada a diferentes disciplinas como ximnasia rítmica, vela, hóckei a patíns, baloncesto, tenis, fútbol, natación ou xadrez.

O pavillón deportivo municipal, os locais das sociedades parroquiais (Cervás, Chanteiro e Caamouco), campo de herba sintética de Prados Vellos, a zona deportiva de Pedrós, o Náutico de Ares ou o complexo acuático do Castro son algúns dos espazos que acollen as numerosas clases que de outubro a maio de cada ano se imparten e ás que asisten unha media de 275 rapaces e rapazas cada curso.



Programa: Actividades deportivas municipais (adultos)

Desde hai dous anos e recollendo as múltiples peticións recibidas na concellaría de Deportes, as actividades deportivas para adultos están programadas entre os meses de setembro a xuño, (ambos incluídos) desligándose das escolas deportivas que se desenvolven paralelas ao curso escolar.

As propostas van desde fitness, zumba, pilates, ximnasia, ioga, baile, tonificación, ata actividades acuáticas e natación. Dentro destas últimas a Escola municipal de vela para adultos é a que aglutina un maior número de persoas inscritas.

Un dos obxectivos é tamén a descentralización do programa para facilitar o acceso ao mesmo polo que existen clases que se imparten tanto no núcleo urbán como nas parroquias.



Clases virtuais e adestramento durante a pandemia

Coa chegada da pandemia e das restricións derivadas dela, o Concello de Ares puxo en marcha xunto co Grupo Servicio BeOne, xestor do Complexo Acuático do Castro, o programa #EuAdestroNaCasa, un adestramento virtual totalmente de balde que permitiu ás persoas interesadas manterse activas e en forma sen moverse das súas vivendas.

Baixo este programa impartíronse máis de 300 clases virtuais de diferentes disciplinas, tonificación, baile, HIT, meditación, ioga, pilates...



Programa Xogade, deporte escolar

O programa para a mocidade impulsado pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e organizado pola Delegación ferrolá de Deporte escolar, conta coa colaboración do Concello de Ares e do CPI As Mirandas. Nel participa tamén alumnado da veciña vila de Mugardos ou Monfero.

O obxectivo a acadar, é dar a coñecer outras prácticas deportivas entre o alumnado dos centros educativos dentro do horario escolar. Así achéganse a actividades como hóckei a patíns, tenis de mesa, sendeirismo, orientación, vela, pádel surf, kaiak, e mesmo mergullo.



Parque de calistenia



O parque de calistenia, situado no Parque Rosalía de Castro, é o primeiro da súa condición en todo o término municipal. É unha infraestrutura fundamental para exercitarse co emprego do propio corpo, pero tamén para mellorar a flexibilidade, obter maior forza funcional ou contrarrestar os desequilibrios musculares, sempre co foco posto en fomentar os hábitos saudables na poboación.

A área de calistenia complementa a actual infraestrutura saudable do concello, ampliada nos últimos anos ata acadar os oito espazos actuais que se destinan a tal uso.

O investimento neste caso foi de 10.000 €

Apoio ás sociedades deportivas Aresáns

Un obxectivo fundamental da Concellaría de Deportes é apoiar e colaborar coas entidades deportivas municipais.

En consecuencia, ao longo destes anos tentamos atender e axudar ao movemento asociativo local, moi numeroso e ben estruturado, pero tamén a deportistas individuais de disciplinas non tan maioritarias a través dun programa de subvencións, así como de diferentes axudas para material, a execución de obras nas súas instalacións, ou aportación de necesidades loxísticas e organizativas nos seus propios eventos e/ou actividades.

A importancia de visibilizar o traballo e logros das persoas e equipos deportistas é evidente e nesa liña a casa do concello acolle cada vez máis a miúdo actos públicos de recoñecemento aos nosos Orgullos Aresáns. Recepcións e homenaxes que acreditan a súa enorme labor como embaixadores de Ares nas súas correspondentes disciplinas deportivas.



As Sereas das Mirandas

A Concellaría de Deportes puxo en marcha un proxecto de marcado carácter social e innovación deportiva: o equipo “As Sereas das Mirandas” nome que recibe o grupo de mulleres afectadas polo cancro de mama que se animan a practicar o remo adaptado ás particularidades da súa doenza. A iniciativa presentouse oficialmente á veciñanza e asociacións interesadas no mes de xuño do 2022 nun acto público e aberto.

Así, o novo equipo, convértese nun exemplo de como o exercicio físico pode axudar a recuperarse tras superar esta enfermidade, sempre a partir de rutinas adaptadas e a necesaria supervisión médica e profesional. A iniciativa pretende achegar unha nova forma

de entender a loita contra o cancro de mama a partir dos beneficios físicos e mentais que produce o deporte, aumentando a flexibilidade, a tonificación muscular e ata a ruptura de prexuízos e estereotipos arredor das mulleres afectadas polo cancro.

Este proxecto de rehabilitación faise realidade grazas á colaboración e coordinación do Concello, da Universidade de Sevilla (US), do Club de Remo de Ares e do grupo “Leonas del Guadalquivir”, mulleres pioneiras en coñecer a incidencia positiva do remo adaptado, potenciando as zonas máis vulnerables e combatendo desde o colectivo, a desesperanza, os medos e o desánimo.



Ares Descubre

O Concello de Ares presentou en decembro do 2021, “**Ares Descubre**”, un conxunto de novas rutas para divulgar o saber mariñeiro e revalorizar o patrimonio do noso litoral

A iniciativa, cunha liña de financiamento do GALP Golfo Ártabro Norte, promove múltiples experiencias e actividades co obxectivo de concienciar sobre a preservación da contorna natural e patrimonial.

O Ares Descubre ten como último propósito a concienciación sobre a necesidade de preservar a contorna natural e patrimonial, así como divulgar as circunstancias que rodean ós oficios do mar aínda en vigor.

SENDAS CO FOCO NO PATRIMONIO LOCAL

No relativo ás rutas, faise especial fincapé nos atributos icónicos da paisaxe aresá, a ría e as súas praias; na fisionomía da localidade, coas características construcións mariñeiras; na importancia do sector pesqueiro na configuración da vila e dos seus costumes e, tamén, en todos os recursos indianos existentes. É dicir, o Ares Descubre traballa co patrimonio desde múltiples puntos de vista, tanto o material e inmaterial coma o arquitectónico e natural.

Así mesmo, o proxecto contempla certo grao de interacción coa veciñanza, rememorando lendas ou anécdotas e achegando datos ou materiais históricos a través de pequenos vídeos dos seus protagonistas.



Proxecto Ares - Valdoviño no Mar

Financiada a través das axudas do GALP A Mariña-Ortegal e do GALP Golfo Ártabro Norte, este proxecto impulsado polos concellos de Ares e Valdoviño, céntrase na valorización da cultura mariñeira e a transmisión dos deportes acuáticos.

Actividades dirixidas a escolares fundamentan o groso do programa: visitas ó club de remo, á escola de surf, encontros con mariñeiros e redeiros facendo fincapé nos vencellos culturais de Ares co mar que se manifestaron tamén nunha exposición itinerante.



VeraneAres



Como cada verán, Ares convértese nun pobo deportivo e activo. Ao longo dos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, ademais da nosa poboación recibimos a milleiros de visitantes que se unen a este programa de vida saudable para rapazada e adultos.

O programa VeraneAres, polo que respecta ao ámbito deportivo, pretende actuar no eido da conciliación laboral e familiar pero tamén presentar unha oferta o máis ampla e diversa posible usando os espazos naturais, as instalacións deportivas e de ocio municipais e os centros sociais das parroquias.

Así, presentamos unha extensa oferta de actividades para o desfrute de veciñanza e visitantes: Campamentos deportivos urbanos, Pequexogos, Xuventude Activa, Deporte na rúa, Fitness e saúde nas praias, Baile na praza. Unimos tamén competicións deportivas xa enraizadas na comarca tanto por terra como a popular Milla Urbana, como por mar, coa tradicional Travesía a nado da Ría ou as regatas de remo e de vela. Dentro de toda esta programación teñen cabida tamén os Campus deportivos como o Chiquibasket ou Celta de Vigo de fútbol.



Programas deportivos no Nadal

O Nadal en Ares tamén é deportivo. Coincidindo coas vacacións escolares de decembro e xaneiro, a concellaría de Deportes programa diferentes actividades deportivas tanto nos núcleos urbáns como nas parroquias.

A Carreira de Fin de Ano Ares-Mugardos, segue a ser una das máis participativas da contorna como tamén o é o Chiquibasket de Nadal.



EDUCACIÓN



Proxecto Internacional Erasmus + : SPORTNATURE, SPORTRURAL

A Concellaría de Deportes de Ares é a impulsora deste proxecto deportivo Internacional recoñecido polo ente europeo como un dos mellores presentados, que en colaboración con localidades de Grecia e Hungría e a asociación deportiva galega Innodxt, desenvolveráse nos anos 2023-2024.

O proxecto está vertebrado entornó a 3 eixes: a promoción do deporte no medio natural das zonas rurais, o desenvolvemento de propostas que procuren a máxima accesibilidade para toda a poboación e a utilización dos deportes na natureza como forma de atraer un turismo verde e activo ás zonas rurais.



Recepción dos participantes no programa Erasmus + coordinado polo CPI As Mirandas

En novembro do 2019, a corporación municipal recibiu aos 32 estudantes e profesores que, dentro do programa Erasmus+ sobre as manifestacións artísticas desde as festividades e as tradicións europeas, liderado polo CPI As Mirandas, visitaron Ares procedentes de Italia, Grecia, Rumanía, Polonia e Turquía, a profesora coordinadora do proxecto e a directora do centro,

fruto do programa de intercambio en colaboración co CPI As Mirandas.

Os estudantes europeos residiron durante unha semana en Ares e disfrutaron do patrimonio aresán e das experiencias ao máximo



Programas de educación medioambientais

Alumnado do CPI As Mirandas é o destinatario dos obradoiros para dar a coñecer as aves do Concello de Ares e espertar o seu interese creando un vínculo con elas, o que favorecerá a súa conservación. Entre as

actividades realizadas estivo a creación de niños que posteriormente se colocaron nas diferentes árbores do municipio para darlles acubillo.





Renovación da páxina web do Concello

O novo sitio web municipal, baixo o dominio www.concellodeares.gal, responde ás necesidades dunha cidadanía dixitalizada e ós novos sistemas de navegación, adaptándose mellor aos teléfonos móbiles intelixentes e achegando contidos marcados pola accesibilidade.

Baixo este novo sitio, o Concello garante un funcionamento máis accesible e en consonancia co proceso de dixitalización vivido nos últimos tempos, coa irrupción dos teléfonos móbiles como principais mecanismos de acceso á información local e, ademais, empregando un dominio (.gal) que apoia o posicionamento virtual de Galicia e a súa cultura.





Vive Ares

Ven e desfruta da paisaxe, das xentes, das festas, do mar...

